Taller especializado en chapa y pintura. Reparación de todo tipo de carrocerías, arreglo de rascazos y golpes. Dispone de cabina de pintado, horno de secado y bancada. Lijado, pulido, abrillantado de carrocerías, soldadura de piezas, colores perlados y metalizados, etc.



669 530 479



981 718 605



tallerescarreira@gmail.com



Lamas - Zas





BIOESTUFA

VENDA, MANTENIMENTO E REPARACIÓN DE
ESTUFAS DE LEÑA E DE PELETS



ANÍMATE

**La temporada
de barbacoas
no lo dudes más
Conócenos en:**

www.bioestufa.es

R/ Ramón y Cajal, 1 baixo esquina
15100 CARBALLO (A Coruña)



M. 658 772 054
estufas@bioestufa.es

A LOITA SEN PREMIO DUN EQUIPO DE PRIMEIRA

Crónica dunha tempada ilusionante para un Baio que soñou co ascenso desde a fortaleza do Platas Reinoso.



O CD Baio soñou, loitou e chegou moi lonxe. Non foi un soño calquera, senón dese tipo de viaxes que fan familia, que reconcilian co fútbol máis puro e que deixan pegada en cada reñido do campo. A promoción de ascenso á Primeira Galicia non acabou co final desexado: foi o Cacheiras quen celebrou no Platas Reinoso, mais iso non borra o que foron meses de entrega, constancia e identidade.

O conxunto dirixido por Félix García asinou un curso para lembrar: subcampión da Liga da Costa, cun fútbol serio, traballado e valente, só por detrás dun Camariñas que foi intratable ao longo do campionato. O Baio mantívose firme nas posicións altas durante toda a tempada e conseguiu un dos dous billetes á promoción de ascenso, compartindo pulseira co Soneira, mentres o Xallas quedaba ás portas. Non foi froito da sorte, senón dun traballo ben feito desde o vestiario ata a última bancada.

Na fase de ascenso, o Baio deixou a alma. Na ida aguantou con carácter, e na volta, a pesar de caer no Platas Reinoso, amosou que ten nivel para competir en categorías superiores. Tocou aprender e volver empezar, sen dramatismos. Porque o proxecto vai moito máis alá dun resultado puntual.

A nivel individual, houbo nomes que brillaron con luz propia. Martín Fuentes, o veterano que fala goles, marcou 18 en liga e rematou con 21 no total, sendo o terceiro máximo artilleiro da categoría. Pero ao seu carón, unha xeración que empurra con forza: Sergio Antelo foi o pulmón do medio —35 partidos, 8 goles—; Chechi, o equilibrio —33 encontros, 2272 minutos—; e homes como Rodri Toja, Vila ou Norbi deron seguridade na retagarda. Sen esquecer a base que medra: a presenza de xogadores como Alejandro Muiño ou Álvaro Rivera confirma que hai futuro.

O CD Baio non acadou o ascenso, pero sementou algo máis fondo: ilusión. Porque neste lugar onde o branco e azul é moito máis que unha camisola, a paixón polo escudo non se mide por categorías. A Primeira Galicia continúa sendo o destino natural, pero o camiño faise con cabeza, sen presa pero sen pausa. Sabendo que, cando se traballa con humildade, os soños acaban por volver.

A historia non remata aquí. O equipo xa mira cara o horizonte, coa mente posta no próximo curso. Volverá competir coa mesma entrega, acompañado pola forza dunha bancada fiel. Porque o Baio, como o mar que o arrolla, nunca se rende.



Talleres LA GROUFA
MECÁNICA EN GENERAL
TLF.: 981 602 158
Avda. Finisterre, 53 - 15142 - Arteixo (A Coruña)



981 71 80 83
C/ Obispo Romero Lema, 9
BAIO (A Coruña)


Km.0 Fisterra

Tienda Marinera
Decoración • Regalos • Moda
www.km0fisterra.com 652 42 48 83 info@km0fisterra.com
km.Ofisterra Km.O Fisterra regalo y souvenirs
Calle Santa Catalina, 37 Bajo - 15155 Fisterra (A Coruña)





CAMBIO NA PRESIDENCIA: MOUZO PASA O TESTIGO A FUENTES

O histórico Manuel “Chino” Mouzo deixa o cargo despois de tres tempadas á fronte do club, dando paso a unha nova etapa con continuidade no proxecto.

CD Baio iniciou oficialmente unha nova etapa no seu longo percorrido como Decano da Costa. Na asemblea celebrada o pasado 7 de xuño, formalizouse o relevo na presidencia do club: Manuel Mouzo Doval, coñecido como “Chino”, pecha unha intensa etapa de tres tempadas como máximo responsable da entidade, sendo substituído por Ramón Fuentes Castiñeira, quen tomará agora o liderado dun proxecto que busca continuidade e estabilidade.

A marcha de Mouzo non significa unha despedida definitiva. O propio club, na mensaxe feita pública nas súas redes sociais, deixou entrever que será un “ata pronto”, recoñecendo o seu compromiso co equipo e a súa paixón incondicional polo fútbol e polos valores do Baio. A súa vinculación co club vai moito máis alá destes tres anos de presidencia, sendo unha figura central durante décadas na historia da entidade.

Pola súa banda, Ramón Fuentes asumirá o cargo cunha directiva que manterá a maior parte dos membros da anterior xunta, co obxectivo de garantir continuidade nas liñas de traballo e avanzar cun equipo humano experimentado e comprometido co día a día do club.

O CD Baio comeza así a tempada 2025/26 cun cambio importante na súa estrutura directiva, pero coa mesma ilusión de sempre e co apoio da súa afeción.



El Tío Juan



Disfruta de todo el deporte, Fútbol, Moto GP, Fórmula 1, Premier League
AMPLIA TERRAZA

C/ Rafael Alberti A Coruña
Tel: 881 067 613

Disfruta de todo el deporte, Fútbol, Moto GP, Fórmula 1, Premier League
AMPLIA TERRAZA

C/ Rafael Alberti A Coruña
Tel: 881 067 613

Charcutería Los Emigrantes
Desde 1965

Jamones y Embutidos Ibéricos
Quesos
Productos de
“Cerdo Celta”
Vinos – Conservas
Delicatessen

C/ San Vicente, 44 | Telf.: 981 238 282 | 15007 A CORUÑA



606 513 836
C/ Pedra Furada, 9 - 1º
CARBALLO (A CORUÑA)

DECORACIONES DE INTERIORES
José Luis

Pintura Estores Cortinas Alfombras
Papel Decoración Diseños Asesoramiento

Información 630 692 132



EROSKI city

contigo

Supermercados en:

Laxe

Puente de Porto

Ponteceso

Camariñas

Baio

Muxía

Meicende

Arca

Lestedo

Melide

Vimianzo



**COMPRA - VENTA
HIERROS,
METALES
Y PALETS**

Constante Costa - 695 965 855
Diego Costa - 603 716 658

Lg. A Cacharoza, s/n - BAIO - Zas - 15150 A Coruña

FÉLIX GARCÍA: "ESTE GRUPO FOI UNHA PIÑA, DENTRO E FORA DO CAMPO"

O adestrador do CD Baio finalizou ciclo deixando ao equipo branquiazul ás portas do ascenso a Primeira Futgal.



Félix García analiza unha tempada marcada polas lesións, a entrega dun grupo implicado e o apoio constante da afección. Despois de tres anos como adestrador do CD Baio, pecha unha etapa con orgullo e realismo: “Estivemos moi condicionados, pero traballamos como un equipo de verdade”.

—En primeiro lugar Félix, parabéns pola tempada. Segundo posto, non puido ser o ascenso, pero foi un gran ano. Imaxino que estás contento, non?

—Si. Agora, co tempo pasado, e vendo todas as circunstancias que se deron ao longo do ano, creo que temos que valoralo moi positivamente. Tivemos moitas baixas por lesións de xogadores que eran claves no plantel, pezas que estaban pensadas para dar continuidade ao bloque do ano pasado e pelexar polo ascenso. A pesar de todo, fomos medrando pouco a pouco e acabar segundos foi moi meritorio. Dá fe do bo traballo da plantilla durante toda a tempada.

A pena foi que na fase de ascenso non nos deu para máis. Tocounos un equipo que chegou máis enteiro e no cómputo global foi máis merecedor de pasar a semifinal.

—As lesións foron unha constante.

—Si, e moi condicionantes. Non foron baixas lixeiras: houbo unha fractura dobre de tibia e peroné, dous cruzados, unha fractura de cóbado... E no último partido da fase de ascenso, o noso capitán rompeu o tendón de Aquiles quedando dous minutos para o final. Foi un resumo nefasto a nivel físico. E non eran lesións calquera, senón de xogadores que tiñan moito peso no equipo. Pasamos de ter 22 xogadores a quedar con 16 ou 17, tirando de xuvenís. Non serve de escusa, pero condiciona moito nun equipo coma o Baio, onde a base é xente da casa.

—Con todo, o equipo competiu ata o final.

—Si, e iso é mérito dos xogadores. En Baio adestramos tres días á semana, algo pouco común nestas categorías. Tivemos asistencia de 18 ou 20 xogadores mesmo nas semanas más difíciles. Iso fala moi ben do grupo.

A partir de xaneiro-febreiro, o equipo foi a máis, cunha liña de resultados moi positiva. E foi grazas á forza do grupo: podían baixar os brazos, pero fixérонse fortes. A nivel físico, técnico e táctico podíamos traballar, pero se o grupo non estivese unido, sería imposible.

—Sen contar as lesións, o partido contra o Cacheiras foi o momento más doloroso?

—Si. Estabamos co 0-0, forzando a prorroga, e o noso capitán lesionou o tendón de Aquiles. Tivo que ir ao hospital. O equipo notouno moito a nivel anímico. E aínda que o intentamos, na prorroga non fomos capaces de superar a eliminatoria.

—A afección do Baio tamén foi un factor importante, non?

—Si, e iso hai que vivilo. É unha categoría moi amateur, pero Baio é moi do Baio. Mesmo cando xogan o Madrid ou o Barça na tele, hai xente no campo. Hai unha cultura moi boa arredor do club. Xogan moitos rapaces do pobo e iso fai que a xente se implique máis: familiares, amigos, veciños... Ao final, mesmo fóra da casa, como en Muros ou Coristanco, a afección acompaña. Iso é un premio para os xogadores, sobre todo para os máis novos.

—E falando de futuro: seguirás no Baio ou toca cambio?

—En principio, cerro ciclo. Levo tres tempadas seguidas, seis en total contando as dúas etapas, e gustaríame ter axudado a subir á Primeira Autonómica. Pero creo que xa dei todo o que podía a nivel deportivo. Non quero enganarme nin engañar ao club. Penso que un cambio pode ser positivo para todos: alguén con ideas novas, metodoloxía distinta, pero mantendo a liña de profesionalidade e implicación. Oxalá sigan loitando polo ascenso.

—Como ves a Liga da Costa?

—Creo que o que distingue á Liga da Costa é a afección. A xente viveo dun xeito moi especial. Quizais hai dez anos había máis xogadores e máis reperCUSIÓN, pero a esencia mantense: fútbol de pobo, con xente da casa, e moita paixón.

A nivel futbolístico depende moi das xeracións. En sitios como Baio, onde non hai unha base forte, estás máis condicionado. Se os veteranos van marchando e non tes canteira, perdes potencial. A afección segue sendo o gran valor, pero hai que traballar para que o nivel deportivo tamén se manteña.

—Para rematar, unha mensaxe final para os soci@s.

—Que sigan como ata agora. A afección forma parte do equipo. Que apoién os xogadores da casa, que sexan conscientes do nivel real que hai e que acompañen con tranquilidade e ilusión. Son pezas importantes para que este proxecto continúe medrando e, con sorte, para volver pronto á Primeira Autonómica.

Integralmotion.es

KM 0 | SEMINOVOS | OCASIÓN

O coche que escolles...

FALA DE TI



DESCONTO EXCLUSIVO PARA SOCIOS DO SPORTING ZAS E DO CD BAIO!

-500€

de desconto directo

¡Só no centro **Integral Motion** de Baio!

Pol. O Allo S/N - AC-552, 15150
Baio, Zas, A Coruña

+4.000 COCHES EN STOCK | KM 0 | SEMINOVOS | OCASIÓN

20 CENTROS EN ESPAÑA: GALICIA, MADRID E ASTURIAS (VALENCIA E VALLADOLID PRÓXIMAS APERTURAS)



EUROREPAR
CAR SERVICE



eurorepar.es

La Cacharoza s/n

15150 - Baio

T 981 718 360

T 636 984 074

talleresmmontes@hotmail.com



J.LEMA

AUTOMÓVILES CELMAR, S.L.

Avda. da Coruña, 9

15150 Baio - Zas

www.talleresjlema.com - talleresjlemabaio@gmail.com

MOTRIO

tu taller con garantía y compromiso

www.automovilescelmar.es
Tel :981 71 80 50

Pulidos Borneiro

**Alta planimetría
en pavimentos
de hormigón**

Vilaseco, 30

15119 Borneiro

CABANA DE BERGANTÍÑOS

A Coruña

619 66 11 45

info@pulidosborneiro.com

www.pulidosborneiro.com

¿SIENTES QUE CADA PASO TE CUESTA MÁS?

LA ARTROSIS Y LA OSTEOPOROSIS NO SOLO DUELEN... TAMBIÉN TE ROBAN LA VIDA. PERO EN A LARACHA HAY UNA ESPERANZA REAL.

- Despertarse con dolor.
- Vestirse con esfuerzo.
- Caminar con miedo.
- Decir que no a planes, paseos o juegos con tus nietos porque tu cuerpo ya no te responde como antes.
- Y lo peor: escuchar que "es normal", que "es la edad", que te acostumbres.

¿Te suena? Entonces esto es para ti.

"Vivir con dolor no es vivir"

La **artrosis** desgasta el cartílago de tus articulaciones. Lo que antes era un movimiento suave, hoy es un roce doloroso entre huesos. Rodillas, caderas, manos... cualquier gesto se convierte en un suplicio.

La **osteoporosis**, en cambio, actúa en silencio. Va debilitando tus huesos hasta el punto de que una caída tonta o incluso un mal giro puede provocar una fractura.

Estas **enfermedades** no solo afectan a tu cuerpo: afectan a tu ánimo, a tu independencia, a tu forma de vivir. Y eso no se arregla con parches ni pastillas de por vida.

MBST: LA REVOLUCIÓN QUE TU CUERPO NECESITA



En Clínica Diego Pérez hemos dicho BASTA.

Por eso, hemos traído a Galicia la única unidad MBST de toda la comunidad.

¿Qué es MBST?

MBST (Magnetic Resonance Therapy) es un tratamiento basado en la resonancia magnética terapéutica que estimula la regeneración del cartílago y del hueso a nivel celular, de forma indolora y sin efectos secundarios.

- No duele.
- No pincha.
- No intoxica.
- Y lo mejor: solo necesitas 9 sesiones para notar resultados reales.

**SOLO EN CLÍNICA DIEGO PÉREZ
A LARACHA**

981 612 828

Síguenos en redes sociales para conocernos más de cerca



MARTÍN FUENTES: "O IMPORTANTE AGORA É CURARME BEN. CANDO ESTEA LISTO, DEDIDIREI O MEU FUTURO"

Gravemente lesionado no último partido da tempada, o xogador reflexiona sobre o curso 2024/25, eloxia a resposta do equipo e aposta pola mocidade que vén pisando forte no club.



Martín Fuentes, capitán do CD Baio, repasa a tempada 2024/25, marcada pola súa grave lesión no tendón de Aquiles, o bo rendemento do equipo e o papel clave da afeción na Liga da Costa. Aínda que o ascenso se escapou por pouco, destaca a unión do vestiario e aposta pola ilusión da mocidade que chega ao club.

—Como valoras a tempada 2024/2025 do CD Baio?

Foi unha tempada complicada, sobre todo polas lesións e outras circunstancias, pero o equipo respondeu moi ben. Quedamos segundos e, áinda que non puidemos lograr o ascenso, creo que foi un ano para sentirnos orgullosos. O obxectivo interno era claro, queríamos subir, pero vendo como se puxeron as cousas, estou moi satisfeito coa resposta do grupo. Fixemos unha segunda volta moi boa, demos unha excelente imaxe na fase de ascenso, pero ao final escapóusenos por pequenos detalles.

—O Camariñas foi o gran dominador da liga. Que opinión che merece o seu título?

Foron xustos campións. A liga sempre a gaña o máis regular, e eles foron constantes dende o primeiro día. Eu pensei que en algúin momento ían ter un baixón e que todo se ía igualar, pero non foi así. Fixeron as cousas moi ben e demostraron que merecían gañala.

—Como definirías o vestiario do Baio esta tempada?

Somos un grupo con dous extremos: xogadores moi novos, de 19 anos, e outros más veteranos, de trinta e pico. Pero a convivencia é excelente. Entrenamos tres días á semana e sempre estamos máis de 18 xogadores. Iso nesta categoría é difícil de ver, e esa unión, esa responsabilidade, é o que marca a diferenza.

—Que significa para ti levar o brazalete de capitán?

É un orgullo. Desde que decidiron que fose eu o capitán, sentinme moi afortunado. Non só formo parte do equipo, senón que sinto o club como algo meu. Os compañeiros están contentos, e mentres me atope ben, gustaría seguir representando ao equipo como capitán.

—Despois da túa lesión no último partido, como afrontas o futuro?

No último encontro rompín o tendón de Aquiles e acaban de operarme. Agora mesmo non me estou a plantexar nada. Primeiro quero recuperarme ben, curar completamente, e despois xa decidirei. Non é a forma que soñaba para rematar, pero toca ser paciente. Oxalá non me boten moito de menos durante este tempo, porque iso tamén axuda a levar mellor a recuperación.

—A nivel persoal, estabas facendo unha gran tempada.

Si, estaba moi contento. As lesións respectáranme e marcara bastantes goles. Acabara de facer o empate na fase de ascenso e, a poucos minutos do final, chegou a lesión. Foi un golpe duro, pero quedo coa sensación positiva de ter recuperado boas sensacións esta tempada, de xogar moitos minutos e axudar ao equipo.

—Como valoras o nivel da Liga da Costa?

É unha competición moi igualada, sobre todo polos partidos fóra da casa. Os equipos fanse moi fortes nos seus campos e custa moito sacar puntos. Moitos encontros decídense por detalles. Creo que a tempada que vén vai ser aínda máis axustada e haberá que facelo moi ben para seguir competindo arriba.

—Como ves aos xogadores novos que están subindo ao primeiro equipo?

Encantados con eles. Teñen moita ilusión por vir adestrar e iso é clave nesta categoría. A calidade téñena, só lles falta confiar un pouco máis en si mesmos. Nós xa confiamos neles, así que agora toca que sigan traballando e que os resultados vaian chegando.

—A afeción da Costa segue sendo un factor diferencial.

Totalmente. Durante a pandemia notamos a súa ausencia, e agora valórarse aínda máis. Por exemplo, hai pouco xogamos os oitavos da Copa contra o Castriz, un martes á noite, e había 400 persoas no campo. Iso non se ve noutras ligas ou noutros lugares. A clave está na paixón que hai aquí polo fútbol e polo sentimento de pertenza. A xente identifícase co equipo e co pobo que representa, e iso nótase.

—Mirando ao futuro do CD Baio, podes falar de esperanza?

Si, sen dúbida. Tivemos baixas importantes, como a de Bieito, que se retirou e era un xogador fundamental para nós. Pero veñen moitos rapaces con moita ilusión. O único que necesitan é confianza. Creo que temos unha xeración que hai que aproveitar e disfrutar con ela.

—Que mensaxe lle mandarías á xente de Baio?

Temos moita sorte coa nosa afeción, pero agora é un momento para estar máis unidos ca nunca, para disfrutar. Este é un equipo formado por xente da casa, por xogadores que veñen a botar unha man sen cobrar un euro. É algo para estar orgullosos. Que nos sigan apoiando, que aquí hai sitio para todos, e que nós faremos todo o posible para que disfrutemos xuntos.

—Martín, se nos deixamos algo, tes a palabra para poñer o punto final á entrevista.

Só quero dar as grazas ao fútbol da Costa. Desde que tiven a lesión recibín unha chea de mensaxes de apoio, de ánimo, de preocupación... e a verdade é que foi algo impresionante. Sentinme moi arrougado, e iso é algo que non esquecerei nunca.



PASO A PASO, FUTURO ASEGUARADO

O CD Baio xuvenil medrou con solidez nunha tempada de aprendizaxe real, traballo serio e obxectivos a medio prazo.



A tempada do CD Baio xuvenil non se mide só pola clasificación. En realidade, sería un erro facelo. O equipo que adestran Bieito Pose e Pablo Romero competiu na Segunda Galicia con valentía e cun enfoque claro: formar xogadores para o salto ao primeiro equipo. A pesar das dificultades competitivas, o conxunto respondeu con compromiso e unha evolución individual que fala ben do traballo feito desde agosto.

A liga estivo marcada pola esixencia, cun Soneira campión e un Fisterra que tamén se gañou o ascenso deportivo. Nese contexto, o Baio mantivo o tipo con honestidade, asumindo o seu papel como bloque formativo e aproveitando cada partido como oportunidade de crecemento. Houbo encontros igualados, fases de mellora clara e momentos nos que o grupo respondeu como equipo, mesmo sen o premio dos puntos.

Desde o club valoran por riba de todo a progresión dos xogadores, moitos deles xa preparados para dar o salto ao fútbol senior. A coordinación co primeiro equipo e a visión a medio prazo permítenles ver esta tempada como un paso máis na consolidación dunha base xuvenil forte e con identidade.

O labor dos técnicos foi clave: orientación táctica, esixencia controlada e apoio constante nos momentos difíciles. “O importante é que rematen o ano sendo mellores xogadores e más conscientes do que significa defender este escudo”, apuntan desde a dirección deportiva.

Agora, co curso rematado, é momento de facer balance e preparar o seguinte chanzo. O CD Baio sabe que formar non é gañar sempre, pero si cultivar un futuro sólido. E iso, nesta categoría, é o que marca a diferenza entre competir e construír.



COMBUSTIBLES

GASOLINERA CEPSA DE ZAS
C-545 P.K. 54.6

MONCHO VARELA: "SE SE RECUPERA A ILUSIÓN, A COSTA DA MORTE VOLVERÁ TER O FÚTBOL QUE MERECE"

Referente nos bancos da comarca, o mísster repasa a súa traxectoria entre CD Baio e Sporting Zas, os dous clubs protagonistas nesta edición de Coruña Sport. Moncho reivindica a forza do fútbol como motor social.



Foi adestrador do CD Baio, do Sporting Zas e doutras entidades históricas da Costa da Morte. Moncho Varela leva o fútbol no sangue, viviu os campos cheos, as Copas da Costa con paixón e tamén o reto de compaxinar o deporte coa política. Nesta conversa repasa as etapas que máis lle marcaron.

- Moncho, falamos de dous clubs moi especiais para ti: o Baio e o Zas. Como os recordas?

- Pois a verdade é que para min foi unha satisfacción enorme formar parte deses equipos. Sobre todo, pola calidade humana dos xogadores, a ilusión que tiñan e a disciplina. Tanto no Sporting Zas como no CD Baio conseguimos formar dous grupos moi unidos, con comunicación constante entre xogadores, directiva e mesmo coa afeción. Todos éramos un. Lembro que cando cheguei ao Zas estaban sétimos e acabamos terceiros. Todo foi grazas á entrega dos xogadores, á súa disciplina e a esa vontade de mellorar cada día.

- Se tiveses que escoller un momento especial en cada club, con cales quedarías?

- No Sporting Zas, sen dúbida, coa liga que gañamos quedando imbatidos. Só empatamos un partido na Coruña, a tres goles, e curiosamente fallamos dous penaltis nese encontro. Se marcasemos algún, teríamos gañado todos os partidos. Foi unha tempada espectacular.

No Baio, o máis saliente foi cando quedamos campións da Liga da Costa e logramos o ascenso a Preferente con moitos xogadores da canteira. Foi unha alegría inmensa.

- Segues indo ao fútbol?

- Levo uns tres anos sen ir. Cando deixas o fútbol e comezas con outras responsabilidades, cástache volver. Pero si, hai que animarse, que o fútbol é vida.

- Cambiou moito o fútbol da Costa desde os teus tempos?

- Si, cambiou. Antigamente había menos equipos, pero moita más entrega. A Liga da Costa era durísima, vivíase con intensidade, adestrábase forte e os campos enhíanse. Agora hai máis equipos, pero cástalles formar cadros competitivos. Falta un pouco daquela ilusión e daquela disciplina que había antes. Pero confío en que se poida recuperar.

- A Copa da Costa segue tendo un lugar especial para ti?

- Totalmente. É unha competición moi atractiva, sobre todo co formato a dobre partido. Pode haber sorpresas, emoción, e a afeción involúcrase moi-

to. Lembro unha final no Pinar que foi impresionante, coas dúas bancadas vivindo cada minuto con intensidade. É unha copa distinta, con moito valor.

- Este ano o Sporting Zas celebra o seu 50 aniversario. Que che evoca?

- Un orgullo. Coincidín cunha directiva entregada, cunha afeción que nos seguía a todos os partidos e cun grupo de xogadores, moitos da canteira, que o deron todo. Tanto no Baio coma no Zas houbo xeracións de futbolistas locais que loitaron por chegar ao primeiro equipo, e iso é extraordinario.

- Moncho, recordamos a túa traxectoria como adestrador?

- Comecei no 83 no Corme, onde estaba de profesor. Alí estiven 3 anos. En 1987 adestréi ao Cabana na Copa da Costa. En setembro dese mesmo ano 87 cheguei ao Bergantiños xuvenil. Na tempada 87/88 entrenei ao Xallas en Preferente, onde quedáramos de cuartos. Logo fun ao Sporting Zas en decembro do 88 e estiven en Zas hasta xuño do ano 92. Xa en marzo do 93 cheguei ao Baio. Estaba apurado o equipo e o collimos. Eran uns xogadores moi entregados e con moita ilusión e non perdimos ningún partido ata final do curso. No Baio estiven ata o ano 97. Estiven sen entrenar un tempío e na campaña 98/99 volví ao Baio outra vez. Logo en xuño do 99 foi cando saín elixido para alcalde de Malpica e deixei os bancos. No Baio fomos campións da Liga da Costa e tamén ascendemos a Preferente. No 96 saquei o título de adestrador nacional.

- E como xogador?

- Xoguei no Bergantiños, no Deportivo Carballo, logo Baio, pasei polo Pontevedra e logo fun ao Sofán. Deixei o Bergantiños para ir ao Sofán, que non estaba federado. Alí colaborei coa directiva para que o club pasase a federarse na tempada 79-80. Ese curso fun o máximo goleador na primeira tempada federada, marcando 15 goles. Logo estiven no Malpica, ascendendo a Preferente. En Malpica sempre me trattaron con respecto e cariño. E claro, os equipos polos que pasei son parte de min.

- Que é más complicado: adestrar ou xestionar un concello?

- [Risas] Se adestras con ilusión e tes un bo grupo humano, lévase bastante ben, aínda que non sempre se consegue todo o que un quere. Na política hai satisfaccións, pero tamén zancadillas. Hai que estar preparado para todo.

- Para rematar, Moncho, cal é o teu equipo?

En categoría nacional, o Deportivo, sen dúbida. E na Costa da Morte, non podo escoller un só club. Todos os que me acolleron como xogador e como adestrador teñen un lugar especial para min. A todos lles teño moito cariño.


- E o Depor, volverá ao lugar que merece?

- Estou convencido. Hai que planificar ben, pero o Depor ten unha afeción de Primeira. Agora hai que facer unha boa tempada e loitar polo ascenso, porque A Coruña e Galicia necesitan ao Deportivo onde merece estar.

- Se nos deixamos algo, tes a palabra para rematar a entrevista.

- Quería felicitar ao Sporting Zas polo ascenso de Terceira á Segunda Rexional, que vén sendo a nosa Liga da Costa, onde todo comezou no ano 1975. Quero felicitar aos xogadores, ao equipo técnico, á directiva e á afeción por este logro nesta tempada. E tamén desexarlle tanto ao aSporting Zas como ao Club Deportivo Baio unha boa campaña o ano que vén, e que sigan traballando cos rapaces da casa, que é o máis importante. Tamén quero felicitar ao Baio pola tempada que fixeron. Quedaron segundos na liga e xogaron a promoción de ascenso contra o Silleda, aínda que non puideron subir. Foi unha boa tempada. Na Copa non chegaron á final, perderon co Castriz en oitavos, pero fixeron tamén un bo papel. Son cousas que hai que poñer en valor. Desexo que, tanto o Baio como o Zas, fagan unha boa tempada próxima, que cumpran os obxectivos marcados e que volvan a Primeira Rexional en canto podan. E, como non, que disfrutemos do derbi, que iso sempre é un plus. Esperamos ese derbi, sen dúbida.

MADERAS Y DESBROCES MUIÑO RAMOS, S.L.



Telf. 981 74 12 50

Móviles: 646 41 17 36 (Victor)

629 74 80 44 (Miguel)

BAIÑAS - VIMIANZO



FERROCAR

PREFABRICADOS DE HORMIGÓN

Fábrica y Oficinas

📞 981800600 / 981882090

✉ 649494184

✉ comercial@ferrocar.es

✉ oficinatecnica@ferrocar.es

✉ administracion@ferrocar.es

www.ferrocar.es

Lg, Antes, s/n | 15845 Santa Comba (A Coruña) España | [T] (+34) 981800600



PRIMEIRO EQUIPO DA HISTORIA DO CLUB

SPORTING ZAS: 50 ANOS DE ORGULLO, FÚTBOL E IDENTIDADE.

Desde a súa fundación en 1975 ata a creación do equipo feminino no ano do seu medio século, o club foi símbolo de unión, paixón e compromiso co deporte na Costa da Morte.

O PORQUÉ DE QUE ESTA HISTORIA NON SE TITULE “AS VOCES BAIIXAS DA COSTA DA MORTE”

Ó mesmo tempo que me poñía a remover os primeiros recordos desta entrañable historia de amigos e colegas, Manolo Rivas, o meu admirado Manolo Rivas, xenuino e abandeirado bucanero da Costa Morte, presentaba en sociedade a súa derradeira, daquela, novela co suxerente título de “As voces baixas”.

Daquela pensei: que título máis bonito para este libro que fala, no fondo, de soños balompédicos, dende a perspectiva dos que berran dende campos moi lonxanos, a símbolos da grandeza, como todo un Santiago Bernabéu ou o Camp Nou. De aí que me dera conta que, se non fora porque sería un plaxio daquel título, o adoptaría para que envolvera as voces dándolle patadas a un balón dos meus amigos, cos cales compartín cores e ilusións. Sobre todo moitas ilusións por unha paixón que nos uniu ó longo dos anos máis fermosos da existencia, a pesar de que as nosas voces soaran baixas no mundo do fútbol cheo de mega estrelas rodeadas de estigmas bañados en ouro. Aínda así, nós, os baixíños do fútbol nacional, tiñamos con nós o tesouro máis valioso: un cofre cheo de ilusión, esperanza, e sobre todo felicidade e amizades, que nalgúns casos duran toda unha vida. O fútbol dos pequenos é así, rico en felicidade e pobre en medios. Grandeza humana fronte a un pequeno capital material. O fútbol amateur vive do corazón das persoas, por iso é tan rico. Tamén teño que dicir que, como ó “Carpinteiro das Palabras”, como a mi me gusta referirme ao home que foi capaz de debuxar cun lápiz un mundo de ensoñación con birutas de crúa realidade, os recordos fóronseme agolpan-do nestas cuartillas como se os empurrara o vento contra o que tantas veces tivemos que loitar para levar as nosas ilusións ás mallas do equipo contrario. Cantas filigranas tivemos que facer para vencer ao vento que nos daba de frente, na cara, e viña cargado doutras tantas ilusións procedentes de todos os rincóns da Costa da Morte.

De todas formas, decidín non arriscarme, e áinda que che me gustaba moi-to o título do home que lle dou voz O Pardal na Lingua das Bolboretas, propúxenme conformarme cun título menos feitiño, iso si, eso non impide darrlle voz a centos de amigos e colegas que no fondo foron os que me susurrraron, cos pés no chan, esta historia é de voces baixas pero potentes como a garganta de Fran Sinatra. Unha historia de corazóns nobles e amables.

10 DE MAIO DE 1975. O INICIO DUNHA ILUSIÓN NA CASA CONSISTORIAL

A acta fundacional do Sporting Zas data do día 10 de maio de 1975. Nunha reunión celebrada na Casa Consistorial de Zas constituíuse a primeira xunta directiva, sendo elixido como primeiro presidente Gonzalo Bueno Pérez. Miguel Figueira Malvarez foi o primeiro adestrador do equipo e a primeira indumentaria oficial estaba formada por un calzón branco e camiseta blanca cunha banda azul cruzada pola parte dianteira de arriba abaixo, partindo do ombreiro esquerdo á parte dereita. San Andrés (finca Gándara ou Abotón) estableceuse como o campo oficial do equipo dende a súa fundación.

ANOS 70: VIVINDO NO MUNDO DO FAROL VERMELLO

O Sporting Zas bautizábase oficialmente na Liga da Costa o 16 de novembro de 1975 contra o Outes CF, no campo O Bosque. Os de Outes, en palabras do periodista Del Valle, “le hicieron un siete a los debutantes”. Era a décima terceira tempada da Liga da Costa e o Outes CF sería o campión, despois de acadar o liderato precisamente en San Andrés, tras imponerse ao Sporting no encontro de volta por 0-5.

O Sporting Zas debutaba na Liga da Costa da man do adestrador José Miguel Figueira Malvárez, que dispoñía entre outros dos seguintes xogadores: Leandro (porteiro), Pepe, Santos, Sanchiño, Pichi, Julio, Beppo, Carballo, Fariña, Ferreiro, Manolo, Zurdo, Pardo, Lagoa, Ríos, Víctor, Collazo, Bou-



TEMPADA 88/89



ANO 1986

zas, Pazos, Fernando, Calvo, Amigo, García Suárez, Camilo ou Cachito. O autor do primeiro gol do Zas foi o dianteiro Camilo.

O Sporting conseguió o primeiro punto contra o “Bilbao da Costa”, como era coñecido o Fisterra, cun gol de Fernando en San Andrés. O segundo punto ao empatar cos “Lagartos Verdes” de Xallas. O terceiro, foi marabiloso, xa que foi como consecuencia do empate, contra o “Decano da Costa”, o eterno rival, o Baio. O Sporting remataba a súa primeira liga lonxe de San Andrés, concretamente contra o Porteño acadando o seu cuarto punto, merced a un empate a un tanto e paseando o Farol Vermello. Era a primeira unidade lograda lonxe da casa.

Na tempada 76-77, o Sporting conseguió a primeira vitoria na Liga da Costa fronte aos da “Vila do Caolín”, o imponerse ao Laxe por 2-3. Nesta liga, a primeira vitoria en San Andrés chegou tras imponerse o Zas ao Porteño por 3-2, na xornada 20.

Os anos setenta remataban e o Sporting seguía buscando o seu camiño. Nos anos oitenta chegaban ao equipo os xogadores da xeración de Oliver e Benji, que con entusiasmo acabarían colocando ao Sporting na foto da Liga da Costa.

A REBELDÍA DOS ANOS OITENTA. TROFEO TEYMA E A PRIMEIRA LIGA CONSEGUIDA

A pesar da súa xuventude, o Sporting non estaba disposto a conformarse coas cinzas do farol vermello e rebelouse como os adolescentes, buscando o seu sitio na Liga da Costa. Resulta curioso, que nesta época foron os xogadores do equipo os que sufragaron a compra dun calentador para os vestiarios do campo de San

Andrés, ao renunciar a unha prima comprometida por gañarlle ao Coristanco, que era a primeira vez que visitaba San Andrés. Isto ocorría na tempada 80-81. Un artículo de luxo por aqueles tempos.

Nesta década, o Sporting transitou polos campos da Costa dende a Terceira Rexional (diploma a deportividade na tempada 82-83) ata a Primeira Rexional. Os xuvenís comezaban a chamar a porta dos maiores con dous subcampeonatos consecutivos, nas edicións das ligas 83-84 e 84-85. A Masía zasense pedía paso e comezaba a marcar o paso dun equipo que quería destacar na Liga da Costa.

Aos mandos da nave do Sporting destacaron polo seu empeño, nesta década: Pedro Nieto, José Pose, Moncho Ferreiro, Enrique Moreira, Emilio Ferreiro ou Antonio Mouro, entre outros. Polos banquiños pasaron Camilo Pérez, Paco do Beiro, Camilo do Sastre, Bascoi, Barca ou Pepe do Sastre, para rematar a década coa chegada aos banquiños do Sporting de Moncho Varela, que culminou aquela década de ouro coa conquista da primeira liga para o Sporting Zas, e ademais co equipo invicto. ¡Que mellor maneira de rematar a década dos oitenta!

Moncho Varela foi o maquinista perfecto para encarrilar a senda da vitoria do Zas. Na tempada 85-86, o Sporting deu un golpe na mesa e xogou a súa primeira semifinal de Copa da Costa, quedando eliminado polo campión, o Carnota, conquistando o único trofeo Teyma (V edición), que consta nas súa vitrinas, que se lle outorgaba o equipo máximo goleador da Copa da Costa.

Sen dúbida, o cénit desta década chegaba na tempada 89-90 coa consecu-



TEMPADA 93/94



TEMPADA 2006/2007

ción da primeira liga da historia, neste caso de Segunda Rexional, e invictos. Naquel curso, o Sporting tamén foi o primeiro campión da primeira liga de infantís na Costa. Non había mellor maneira de rematar a tempada que cunha homenaxe a todo un mito do sportinguismo, Miñones "Coco", xogando o Zas contra unha selección da Costa.

CAMIÑANDO CARA O SÉCULO XXI: TOCANDO O CEO COAS XEMAS DOS DEDOS

Na década dos noventa, O Zas seguío escalando peldaños no plano futbolístico. Comezou a súa andadura na Primeira Rexional no exilio do Platas Reinoso, debido a que San Andrés estaba en reformas. Dúas tempadas na categoría dirixidos por Moncho Varela foron a antesala da conquista da Primeira Rexional autonómica da man de Jorge Uriach. Atrás quedaba a primeira final da Copa da Costa (1992) fronte ao Cee de Manolín, o poeta dos campos de fútbol. Ata o ano 2006 quedaban moitos partidos para poder beber do cálix da felicidade futbolística.

As seguintes catro tempadas, do 93 ao 97, o Sporting competiu en Rexional Preferente liderado por Corredoira, que deixou o club na derradeira tempada, substituído por Pepe do Sastre. Nesta década xogouse a primeira liga de 3 puntos e o máis emocionante foi volver a ver un derbi Sporting Zas- CD Baio. Pedro Nieto deixaba a presidencia dándolle paso a Antonio Mouro.

Na tempada 97-98, o Sporting volveu á Primeira Rexional, dirixido nesta ocasión por Juan José Vila, que lle daría paso a Jesús Martín Sánchez, que acabaría a liga, de novo, conquistando o farol vermello.

Julio Espasandín foi o primeiro presidente do Sporting do século XXI e Manolo Garrido Moreira o primeiro adestrador.

Os cadetes, dirixidos por Esteban Lema, acabaron a tempada 1999-2000 como campións de liga.

O SPORTING DO SÉCULO XXI: ARRANXANDO CONTAS CO PASADO

Coa chegada do novo século, o Sporting dedicouse a arrancar as contas que en varias ocasións don balón lle deixara coa mel nos beizos.

Durante esta etapa aparecen vencellados ao equipo Manuel Antelo, Ovidio Blanco, Óscar Álvarez, Jesús Manuel Roget Barrientos, Miguel Muíño

e Manolo Corzón, que segue aos mados do Sporting desde a tempada 2015-2016.

Manolo Garrido inauguraba, como adestrador esta época. O banco do Zas foi transitado ademais por Carlos Ortíz Rochicholi, Berto Suárez, Felipe Solís, Claudio Casal, Antón Alvite, Manolo Corredoira, Iván Cancela, o que cariñosamente denominamos o Alpacino da Costa, polo famoso vídeo de "un domingo cualquiera", e a famosa arenga de pulgada a pulgada, que no fondo viña a ser o famoso eslogan de Luís Aragónés, "ganar, ganar y ganar", Víctor Pazos, Pablo Mallón, José Barca Recarey, Raúl Periscal, así como os adestradores que levaron ao equipo á consecución da primeira liga de Terceira Rexional nesta derradeira tempada, Rubén Forján Lema e Alfredo Pereira Suárez; tampouco faltaron a cita os clásicos como Pepe do Sastre ou Esteban Lema.

Na tempada 2001-2002 o Sporting celebrou o seu 25º aniversario, algo tarde, cun sinxelo acto protocolario durante a presidencia de Julio Espasandín. Na mesma tempada, Felipe foi o máximo goleador daquela liga, emulando a



MANOLO CORZÓN



TEMPADA 2024/2025

Mato que o fora na liga 1989-1990, a da primeira Liga da Costa de Segunda Rexional, trofeo compartido co xogador do Laxe, Paco, con 25 dianas cada un. Con Manuel Antelo de presidente, o Sporting estreaba na tempada 2003-2004 o novo céspede artificial fronte ao Mazaricos. Na seguinte tempada debutaban na liga de veteranos as vellas glorias do Sporting, que tiñan como precedente aos Pecazas.

Pero, sen dúbida, o fito desta época no Zas foi conquistar a primeira Copa da Costa, baixo a dirección de Berto Suárez, ao imponerse na final ao Castriz en San Andrés por 4-0. Atrás quedaban varias semifinais, e os xogadores do Sporting conseguían resarcir os suores dos vellos do lugar, sobre todo daquela época na que o Sporting tropezaba de maneira continua cos xogadores do Laxe ou do Fisterra, auténticas batallas balompédicas entre terra e mar.

O ano 2006 estará para sempre gravado nas mentes dos afeccionados do Sporting Zas. Foi o ano no que o club dos seus amores cambiou a historia. Atrás quedaban os cuartos do ano 1985, as semifinais do ano 86 contra o Carnota, o Trofeo Teyma no mesmo ano 86, as semifinais do 89 e 91 contra o Laxe e a primeira final do ano 92 contra o Cee. E por fin, ¡A gloria!, a meta perseguida dende a fundación do club en 1975, trinta e un anos despois o Zas inscribía o seu nome no historial da Copa da Costa. Aquel 2006 disputábase a XLIII edición do torneo do KO. Os nomes de Berto (entrenador), Ovidio (presidente), Mario, Jorge, Navarro, Rubio ou Josito (algúns dos xogadores daquel equipo) quedaron para sempre unidos por aquela final, por aquela vitoria consagrada o día 25 de xuño de 2006.

Na tempada 2006-2007 chegaba ás vitrinas do Sporting a copa que significaba o segundo campionato de liga de 2º Rexional, con Berto de adestrador e Navarro como máximo goleador da categoría.

3ª EDICIÓN DO TROFEO NERIA. ANO 2007. O ZAS CAMIÓN

O Zas acababa de proclamarse campión Liga da Costa e iso dáballe dereito a participar na nova edición do torneo veraniego Neria. Ademais do Zas participaron os equipos de Baio, Porteño, Cee, Dumbría, Muros e O Pindo. O Baio foi o primeiro rival do Zas. Outro derbi na pretempada. Na terceira edición, o Dumbría volvía a plantarse na final, e perdía contra o Zas. O Sporting impxouse polo camiño ao Baio e ao Muros. Unha final inédita entre o Dumbría e o Zas deulle ao Sporting o primeiro Trofeo Neria da súa historia.

A liga 2007-2008 foi unha das ligas más tristes para os seareiros do Sporting polo falecemento do seu presidente, Óscar Álvarez.

A vida continuou de maneira irremediable, e con Jesús Manuel Roget Barrientos como presidente, e con Felipe Solís como adestrador, o Sporting conquistaba unha nova liga de Segunda Rexional na tempada 2009-2010, ao imponerse no derradeiro partido ao Monte Louro no Agra da Figueira. Felipe conseguía

algo moi difícil no mundo do fútbol modesto, ser campión como xogador e adestrador, ademais de conseguir ser máximo goleador, algo que volvería conseguir como xogador dos veteranos do propio Sporting Zas.

A partir do ano 2011 destaca, baixo a presidencia de Miguel Muíño, a consecución da primeira Copa da Costa Xuvenil, ao imponerse o Sporting ao Cabana na séptima edición deste torneo. Tamén se celebrou o 50º aniversario da Liga da Costa co Sporting en Segunda Rexional, dirixido por Iván Cancela.

MANOLO CORZÓN E UNHA DÉCADA PARA CELEBRAR O 50º ANIVERSARIO DO SPORTING

Manolo Corzón Rellán vai a ter a honra de representar a todos os seus sucesores como presidentes, posto que inauguraba Sabano no ano 1975, pasando logo mandatarios como Trompeta ou o mesmo Pedro Nieto, con longa traxectoria no club.

Manolo Corzón comezaba a súa aventura na tempada 2015-2016 acompañado polos irmáns Mouro Costa (Roberto e Nuria) e outras persoas que o levaron ata este fatídico ano para o Sporting. Durante o seu mandato o equipo militou en Primeira, Segunda e Terceira Rexional.

Na tempada 2018-2019, o campo de San Andrés afrontou unha remodelación integral, xa que dende a tempada 2003-2004 non se volvera a arranxar a fondo. A historia de San Andrés é unha historia marcada, como a de todos os campos, por risas e choros, ilusións e desilusións, esperanzas e fracasos. O novo céspede volvería a ser un tapete no que o balón volvería a correr para alentar novos espazos de ilusión, e como non, tamén con caixóns onde aparcar novas decepcións, que sen dúbida ían a chegar a un San Andrés que volvía nacer, unha vez máis, para recibir a novos e vellos seareiros durante moitas tempadas máis.

Curiosamente, o derradeiro partido antes da reforma disputouno o Sporting Zas de veteranos fronte ó San Román, que ía segundo clasificado. Tanto o Sporting senior como os veteranos despedíronse de San Andrés con vitoria, xa que os senior venceran ao Cee.

Tamén tivo que pasar Manolo Corzón pola época da dura pandemia do Covid-19, que paralizou con desasosiego a toda a nación.

Pero non todo ían a ser negativo, Manolo e a súa directiva estaban preparados para celebrar o 50º aniversario do club dos seus amores, e que mellor maneira de facelo que con un título de liga, o primeiro de Terceira Rexional para o Sporting Zas, o que significa voltar, nunhas datas tan especiais, a Liga da Costa, onde comezara a ilusionante aventura no ano 1975.

No labor de Manolo Corzón cómpre salientar que, na tempada do 50º aniversario do club, o Sporting deu un paso adiante coa creación do seu equipo feminino, que debutou nun momento cargado de simbolismo para a entidade.

Medio século despois daquel primeiro paso, o Sporting Zas segue camiñando con orgullo e cunha historia feita de paixón, compromiso e amor polo fútbol da Costa

Artículo realizado por Emilio Garrido.



MANUEL CORZÓN: "O IMPORTANTE É QUE O SPORTING ZAS SIGA VIVO"

O presidente do Sporting Zas leva case unha década á fronte do club e celebra o 50 aniversario cun ascenso á Liga da Costa, a creación dun equipo feminino e unha gran festa para todo o pobo.



OSporting Zas está de aniversario, e non é un calquera. O club cumple 50 anos de historia e faino nun dos mellores momentos do seu percorrido recente: ascenso á Liga da Costa, creación dun equipo feminino, consolidación dos veteranos e unha gran festa xa no horizonte. Falamos co seu presidente, Manuel Corzón, sobre o presente e o futuro do club, e sobre todo o que significa para un pobo como Zas manter viva esta bandeira do deporte local.

—Presidente, primeiro de todo, tempada histórica, non si?

Sen dúbida. Xa non só polo 50 aniversario, senón polo ascenso e pola creación do equipo feminino. Iso dá un empaque moi grande ao club. Volvemos á Liga da Costa, que é onde todo comezou, alá polo ano 1975, e facémolo cun grupo maioritariamente da casa, con xente nova e con moita ilusión.

—E nunha Terceira que foi especialmente dura...

Totalmente. Estes dous anos en Terceira foron durísimos. Podemos dicir que era unha semiliga da Costa, con equipos históricos como o Xallas ou o Soñeira, que ascenderon o ano pasado, e outros moi fortes. A liga deste ano tamén foi complicada, con moita igualdade e quince equipos loitando a tope. Foi un reto bonito, pero moi esixente.

—Outro gran paso: o equipo femenino.

Era un proxecto que tiñamos na cabeza. Finalmente, este ano demos o paso. Alba, que é a secretaria, e Noelia, a vicepresidenta, animáronse a xogar tamén, e con elas formouse un grupo que funcionou moi ben. Ao principio había dúbidas, porque só tiñamos doce ou trece fichas, pero dixemos: "Se non o facemos agora, estas rapazas irán para outros equipos e logo será máis difícil". E saíu adiante, por sorte. Estamos moi contentos.

—E tamén os veteranos fixeron unha gran campaña.

Si, si, fixeron un tempadón. Quedaron cuartos na liga e moi preto da final da Copa da Costa de veteranos. Ningún contaba con eles ao comezo, pero aí estiveron, loitando e gozando do fútbol.

—Agora chega o 21 de xuño, a gran festa dos 50 anos.

Vai ser un día moi especial. Haberá partido homenaxe a Fatino, sesión vermu con DJ, gran comida, festa... Queremos que sexa algo que non se esqueza. 50 anos non se cumplen todos os días. Tamén faremos unha homenaxe

a todos os que foron presidentes do club, cun pequeno detalle para eles, e tamén temos camisetas conmemorativas. Vai ser unha festiña boa.

—Presi, recordellede aos lectores quen era Fatino.

Fatino era un rapaz de aquí ao lado de Zas, que xogou no Sporting na etapa da Preferente. Era moi querido, un compaño exemplar, sempre cun sorriso, integrador, tanto con veteranos como con mozos. Un rapaz alegre e deportista, que traballaba nunha pastelería do pobo e que deixou unha fonda pegada. Entre os veteranos e o club decidimos facerlle esta homenaxe, porque a merece.

—Xa leva case unha década como presidente. Como se mantén unha directiva nun club modesto durante tantos anos?

Pois ten que gustarle moito. Isto quítache horas do tempo libre e mesmo do traballo. Eu entrei no club no 2009 con Roget como presidente. Estiven dous anos con el, despois con Miguel Muiño e, cando el marchou, collimos o relevo pensando que sería para dous ou tres anos... e aquí seguimos. Ao final é amor ao escudo.

—E con moito arraigamento local.

Claro, iso nótase. De 21 fichas, un montón viven a menos de cinco ou seis quilómetros do campo. Iso fai que a xente se sinta identificada, e que veña ver ao equipo porque coñece aos xogadores. Se os resultados acompañan, mellor, pero aínda que non, ter xente da casa sempre suma. Iso si, non sempre é posible.

—Que ten a Costa para seguir mantendo esa esencia do fútbol de antes?

É difícil de explicar. O outro día, na final da Copa, a xente que estaba na entrada coñecíame: "O presi do Zas, tal..." Todo o mundo se coñece. Hai rivalidade, si, pero tamén hai respecto, amizade. Iso non se ve noutras zonas. Aquí vese e vívese o fútbol doutra maneira, co sentimento do equipo do pobo.

—Agora toca afrontar a volta á Liga da Costa. Co mo vai ser?

Pois a idea é manter a base. Algún reforzo puntual, porque hai algúns rapaz que quizais queira descansar un ano, pero o proxecto continúa. A mesma filosofía.

—E a afección, os socios?

Sempre se pode mellorar, pero non nos podemos queixar. Nin de socios nin de patrocinadores. Iso si, hai moito traballo detrás: roupa, chándals, sudaderas, equipacións para dous equipos... Todo leva tempo e esforzo.

—Un soño por cumplir.

Ningún en concreto. Eu con que isto siga o día que marche, xa me chega. Que o club siga adiante, con bo rumbo, e que dure moitos anos. Vivimos de todo: ascensos, descensos... Pero o importante é que o Sporting siga vivo. Que dentro de 25 anos se poida celebrar o 75 aniversario. Con iso xa me conformo.


—Manuel, unha mensaxe final para poñer o broche de ouro a esta entrevista, ten vostede a palabra para rematar.

Só animar a toda a xente a que veña ao campo, tanto a ver ao equipo masculino como ao femenino. E que o 21 de xuño sexa unha festa á altura do que merece este club. Non pido máis.

50 años
DE HISTORIA, SUEÑOS Y LOGROS



Enhorabuena por el ascenso.



POZOS DE BARRENA
Ponciano Nieto S.L.

Construcción de obra civil, pozos, canalizaciones, zanjas, carreteras, vías públicas, urbanizaciones, canteras, etc. Toda una serie de servicios respaldados por nuestro equipo de profesionales cualificados que aplican toda su dedicación para cumplir con los requerimientos de los clientes obteniendo el resultado solicitado.

TELÉFONO: 981 751 034 - 981 751 176

CRISTINANIEITO@PONCIANONIETO.ES - www.poncianonieto.es

C/ AGRA DOS CREGOS, 28 BAJO 15850 - ZAS (A CORUÑA)



O VENTO SOPRA A FAVOR EN ZAS: TÍTULO E ASCENSO PARA A HISTORIA

Setenta e un puntos, máis de cen goles, unha soa derrota e un título decidido por golaverage ante o Sofán B. O Sporting Zas navegou firme durante toda a tempada e volve á Liga da Costa no ano do seu 50 aniversario.

No corazón da Costa da Morte, onde o vento corta e o fútbol nace nos camiños mollados, o Sporting Zas impuxo a súa lei durante toda a tempada no grupo costeiro da Terceira División. Non houbo que agardar a finais agónicos nin milagres de última hora: o equipo zasense chegou á última xornada coa mirada posta no título, co ascenso xa garantido, e rematou a faena cunha goleada rotunda por 0-7 en Brens.

Co Sofán B como único rival no pulso polo primeiro posto, os dous equipos remataron empatados a 71 puntos, pero os zasenses tiñan o golaverage directo da súa parte: 3-3 na ida en San Andrés e triunfo por 2-3 en O Carral, un partido que pesou como chumbo ao final da travesía.

Un grupo que xogou coma unha marea

Non foi só unha liga gañada. Foi unha exhibición de fondo de armario, solidariedade táctica e fame. O Zas asinou 22 vitorias, cedeu apenas 5 empates e só caeu unha vez en todo o curso. Marcou 103 goles e encaixou só 33. Estatísticas que falan soas.

O terceiro máximo goleador da categoría foi Raúl Corzón, con 29 goles, malia as lesións que o afastaron no treito final. Xunto a el, fixeron dano Iván Redondo (18 goles), Dani Mato (14), Bouzas, Mauro, Fariña... Un ataque con alternativas e dentes afiados.

Atrás, o equilibrio: Adri Rama, Dario González, Fran, Pablito, Marcos Villar, Eloy Moreira. E baixo paus, Guille, indiscutible baixo a rede, sostendo partidos clave. A media de idade da plantilla —27,6 anos— explica ben o que se viu: veteranía cando había que pechar, pulmón cando había que correr.

No banco Rubén Forján, un dos adestradores más prometedores e con máis coñecementos do fútbol costeiro, apoiado nesta ocasión por Alfredo Pereiro como técnico auxiliar.

Cincuenta anos e unha páxina para enmarcar

Este título chega no ano no que o Sporting Zas cumple medio século de historia. Cincuenta anos de fútbol feito a man, entre parroquias, festas, rivalidades de pedra e domingos con frío nos nocellos. Un club que xa coñecía a Liga da Costa, pero que regresa agora como campión absoluto, con autoridade e sen discusión.

Na comarca, non fixo falla que ningúen explicara nada. Os números falaban: o Sporting Zas foi o mellor. E cando chegou o momento, non fallou. Porque nas terras onde se xoga con chuvia e se celebra co corazón, os ascensos non se compran: gáñanse paso a paso, coma quen sobe a costa cun mar bravo á beira.

O SOÑO QUE XA COMEZOU

O Sporting Zas feminino debutou en competición oficial.

O Sporting Zas escribiu unha nova páxina na súa historia ao dar o paso de crear, neste último curso 2024/25, o seu primeiro equipo feminino. Un proxecto que nacía coa única ambición de crecer día a día, de aprender e competir sen mirar a clasificación, pero que acabou ofrecendo unha tempada chea de sinais ilusionantes.

Dirixido por Ángel Garrido, o conxunto feminino militou na Terceira División da Liga Galega, onde sumou 18 puntos, finalizando por diante de equipos como o Cerqueda, o Fisterra e A Baña. O equipo foi de menos a más e deixou unha imaxe moi sólida en moitas xornadas, a pesar de ser un debutante absoluto.

A resposta da afeción de Zas foi outro dos grandes piares do éxito. O respaldo social á sección feminina, tanto nos adestramentos como nos partidos, confirma que o club acertou ao apostar por este novo camiño. A base está posta, e o futuro presenta moitas razóns para crer.

Un bloque con carácter. Ilusión, aprendizaxe e compromiso: os sinais dun equipo unido

Máis alá da clasificación ou os resultados, a tempada das xogadoras do Sporting Zas destacou polo espírito colectivo. O bloque amosou compromiso, carácter competitivo e unha capacidade de mellora constante. Con xogadoras novas e veteranas, o vestuario funcionou como un auténtico equipo.

No eido defensivo, destacou a regularidade de xogadoras como Carlota Santos, Lucía Ares ou Noelia Alvite, que sumaron máis de 20 partidos cada unha, ofrecendo unha liña de contención firme. Na medular, a intensidade de Andrea Solís, o equilibrio de Inés Vilariño e o talento de Nuria López —con 4 goles— deron consistencia ao equipo.

En portería, Noelia Touriñán foi unha peza fundamental, disputando todos os partidos (2.285 minutos) e mantendo a calma en moitos encontros complicados.

A figura de Nerea Mansilla: 15 goles e un liderado que marca diferenzas

Se hai un nome propio que define esta primeira tempada do equipo feminino do Sporting Zas, ese é o de Nerea Mansilla Castro. A atacante asinou 15 goles, máis da metade dos que logrou todo o equipo, e fixo da súa presenza unha ameaza constante para as defensas rivais.

Con mobilidade, definición e capacidade de xerar perigo dende calquera zona do ataque, Nerea foi diferencial. A súa progresión ao longo da tempada foi evidente, e todo parece indicar que a Terceira División da Liga Galega pode quedárselle pequena moi pronto.

Un proxecto para crer

Este primeiro ano serviu para asentar as bases dun proxecto sólido, ilusionante e con futuro. O Sporting Zas feminino non só competiu con dignidade, senón que foi quen de plantar a semente dun equipo que pode crecer moito nos vindeiros anos.

Co apoio do club, o compromiso do corpo técnico e o entusiasmo dunha afeción entregada, este novo proxecto iniciado en 2024/25 ten todos os ingredientes para converterse nunha historia de éxito na Costa da Morte.





RUBÉN FORJÁN: "O ASCENSO FOI UN PREMIO AO TRABALLO DUN GRUPO HUMANO EXCEPCIONAL"

O adestrador do Sporting Zas analiza a tempada, fala da esixencia da Terceira da Costa e valora a celebración do 50º aniversario dun club ao que coñece desde dentro. A súa continuidade áinda está en conversa coa directiva.



Rubén Forján colleu o timón do Sporting Zas en momentos difíciles e rematou guiando o barco ao ascenso e como campión. Fillo adoptivo da Costa e coñecedor do que significa este club, fala dunha tempada histórica e dunha afeción que volveu crer. O vínculo co escudo, coa xente e co fútbol da terra respírase en cada resposta.

- Tempada perfecta: ascenso... e como campións. Que sabor deixa iso?

- Foi unha tempada moi boa. O obxectivo principal era meternos nos play-offs, pero sempre cunha idea clara de como facelo. Ao principio, entre directiva, corpo técnico e quen levabamos a planificación, pedimos facer un grupo maioritariamente da casa e con xente nova. E así foi. Os resultados foron chegando grazas ao traballo, e os números que conseguimos van ser moi difíciles de igualar nos vindeiros anos. O ascenso foi un premio enorme, e máis ánda sendo todos veciños e amigos. As celebracións teñen outro sabor.

- Falouse moito do nivel da Terceira da Costa. Que impresión che deixou?

- Si, é unha liga moi competitiva. Creo que acertaron no formato: ascendentes e promocionan ata o sexto, polo que hai algo en xogo ata o final. Nós mesmos non soubemos quen ía ser campión ata o último partido. E logo, hai moito nivel. Eu veño da zona de Santiago e sorprendeume moito. Xa o ano pasado foi unha terceira fóra do normal, con equipos que baixaran de Primeira como o Soneira ou o Xallas. Pero este ano tamén houbo equipos fortísimos, que poderían estar sen problema na liga de arriba. É unha categoría que medrou moiísimo.

"Zas é un club especial. Hai unha base humana e social que dá moito valor ao que conseguimos"

- Levas tempo na Costa, e xa coñecías o Zas. Que atopaches na túa volta?

- Eu fixen case toda a miña carreira na Costa, como xogador e como adestrador. Estiven no Zas en 2015 como xogador e conseguimos un ascenso tamén daquela. Nesta volta, collemos o equipo a mediados da tempada pasada,

porque non saían os resultados. Ái comezou un camiño que nos serviu de aprendizaxe para este ano. Atopamos unha base moi boa, un grupo humano increíble, xente humilde e traballadora. E pouco a pouco fomos medrando, tamén como club.

- Confirmamos entón que vas seguir?

- Non está pechado. Estamos falando, valorando pasos que queremos dar. O club está medrando deportivamente: temos adestramentos con máis de 15 xogadores e acabamos a tempada con 22 dispoñibles cada día, facendo 11 contra 11 martes e venres. Tamén contamos cun preparador físico, apoio de clínicas e fisioterapeutas... Pequenos pasos que nos levan a un nivel superior. E está tamén o equipo feminino, que medra e achega moito ao club. Pero claro, agora tócalle ao club decidir ata onde se pode chegar. A conversa está aí. **"Hai paixón polo fútbol, pero tamén moitas cousas que se perderon co tempo"**

- Este ano coincide ademais cunha data histórica: os 50 anos do Sporting Zas.

- Si, é unha celebración moi importante. Non todos os días se cumplen 50 anos. Hai moiísima xente detrás dese número, xogadores, adestradores, directivos... Xente que sabe o que representa este club. Pereiro, que está conmigo no corpo técnico, vive moi de preto esa historia e trata de transmitila. Temos un grupo moi novo, de rapaces de entre 20 e 24 anos, e queremos inculcarles ese valor, ese legado. Celebrar os 50 anos non é só facer festa, é deixar clara a identidade do club para quen veña despois.

- Hai moita diferenza entre o fútbol de antes e o de agora?

- Si, moiísima. Cambiou todo. Antes non había os medios que hai hoxe, nin ferramentas de análise, nin material... Evolucionouse moito. Pero tamén é certo que se perderon cousas: a paixón, a garra, o compromiso. Antes enchíanse os campos. Agora tamén, pero noutros contextos. Por iso é importante traballar para recuperar esas cousas boas. En Zas tratamos de facer iso, e hai clubs como o Corme ou o Sofán que están facendo un traballo excepcional nese sentido, sobre todo no fútbol base.

"Queremos manter a base, pero con retoques: a Liga da Costa vai esixir más"

- Se continúas, habería que reforzar moi ou bastaría con retoques?

- A idea é continuista, pero con retoques. Non abonda co que fixeche ata agora, porque a Liga da Costa é esixente. Hai que mellorar condutas, subir o nivel competitivo e o sacrificio. A nosa proposta pasa por seguir medrando, pero iso require reforzos nalgúns postos. Moitas cousas da tempada decídense en xuño, coa planificación. E iso notámolo ben o primeiro ano, cando collemos o equipo sen traballo previo. A pretemporada marca moi.

- Unha última mensaxe para a afeción do Zas?

- Que sigan como ao final desta tempada. Sabemos que Zas é un pobo de fútbol, que vai a San Andrés e que arroupa ao equipo. Este ano o equipo está formado por veciños, por xente da casa, e a idea é que o ano que vén tamén o siga estando. Queremos representar o pobo e facelo coa súa axuda. Que se sintan parte do club, que colaboren, que animen. Se seguimos aquí, nós o que queremos é facer unha tempada na que todos poidamos disfrutar e da que todos saímos orgullosos.



ALFREDO PEREIRO: "QUEREMOS TRANSMITIRLLES AOS RAPACES O QUE VIVIMOS NÓS NO SPORTING ZAS"

O segundo adestrador do equipo repasa a tempada do ascenso, reivindica o papel da afección e pon en valor a historia e o futuro dun club que leva medio século facendo fútbol.

Técnico auxiliar de Rubén Forján, membro do corpo técnico do equipo campión do grupo costeiro de Terceira Futgal, home da casa e exxogador do club: Alfredo Pereiro fala con paixón do 50º aniversario do Sporting Zas e dun proxecto cheo de identidade.

—É o ano do 50 aniversario e as cousas non puideron ir mellor. Primeiro, a entidade crea un equipo feminino, que sempre dá un empaque maior, e logo logrades un ascenso que devolve ao senior masculino ao lugar onde empezou todo: a Liga da Costa.

Si, creo que a Segunda é o sitio natural deste equipo. Este ano tivemos a sorte —máis o traballo— de poder volver á Liga da Costa. Agora toca tentar consolidarnos e seguir medrando desde aí.

—A Terceira Futgal, sobre todo na zona da Costa da Morte, non é ningunha broma. Ten un nivel alto.

Si, tanto este ano como parte do pasado, desde que chegamos, vimos que era unha liga moi competitiva. Eu lembraba outra cousa, cando xogaba na Costa non me parecía tan esixente. Pero nestes dous últimos anos xa se asemella moito a unha media Segunda.

—E no persoal, que significa para ti o Sporting Zas?

É o meu club. Pasei por todas as categorías inferiores e xoguei moitos anos no senior. É o equipo da miña vida, o que máis coñeo. Para mim representa todo.

—Como se produce a túa incorporación ao corpo técnico?

Pois foron casualidades... ou non sei como chamalo. A directiva, que é xente moi próxima a mim, falou con Rubén Forján, que é amigo meu e con quem xogara noutra etapa. Eu xa lles dixera que sería un gran adestrador para o Zas. A sorpresa foi que Rubén me chamou e díxome que viña para o Zas... pero coa condición de que eu o acompañase. Non me deixou moita marxe, porque sabía o que eu sentía polo club.

—Como valoras este tempo no banco?

Moi a gusto. A nivel deportivo sempre hai momentos duros, pero como corpo técnico estamos encantados. Coincidimos moi ben os tres —Rubén, Kevin e eu— tanto en ideas como en personalidades. Iso nótase moito.

—Tamén colaboras a maiores noutros aspectos da estrutura do club?

Intentamos aportar ideas e axudar onde podemos, pero o traballo forte faio a directiva. O presidente, vicepresidente e vocais están moi comprometidos. Nós achegamos o que podemos cando cremos que temos algo útil que decir.

—Fálanos do plantel, deses rapaces que lograron o ascenso.

Son xogadores con calidades para competir e para consolidarse na Segunda.

Veñen dunha etapa do club onde non se competía tanto, e iso nótase un pouco: falta de madurez, de saber que en todos os partidos hai algo en xogo. Pero confiamos neles, e por iso nos implicamos neste proxecto. Hai canteira e hai nivel. O resto é traballo.

—Hai diferenzas entre o fútbol que ti viviches como xogador e o de agora?

Son épocas distintas e é difícil comparar, pero si noto que antes había máis xen competitivo. Tiñamos menos opcións, vivíase con máis intensidade. Agora hai rapaces con más calidade técnica, pero ás veces falta algo dese espírito competitivo.

—Destacouse moito o físico do equipo esta tempada.

Si, e iso é mérito de Kevin, o preparador físico. Deulle un salto de calidade ao equipo. Rubén é quen marca o camiño, pero Kevin foi clave na posta a punto. É un home da casa, coma nós, que está aquí porque lle ten cariño ao club.

—Vas continuar na próxima tempada?

Se sigo, sigo aquí. Senón, non sigo noutro lado. Queremos rematar este proxecto. A nosa idea é transmitir aos rapaces un pouco das vivencias que tivemos nós no seu día. Eles meréceno.

—Haberá reforzos?

A idea é traer algúns reforzos que nos dea un plus, pero tamén temos que ser realistas: temos medios limitados. Fichar non é sinxelo, pero si, gustaríanos incorporar un par de xogadores.

—O club celebra agora o seu 50 aniversario. Un fito importante.

Si, creo que merece unha celebración grande. Mirar cara atrás para valorar todo o que foi este club. Nós queremos que os rapaces entendan onde están: este non é un club calquera. É un equipo con historia, con títulos, que chegou a Preferente, que xogou finais da Copa da Costa... E todo iso nun concello de menos de 5.000 habitantes. Ten moito mérito.

—Tamén se prepara un partido homenaxe a Fati, entre veteranos do Zas e do Deportivo. ¿Xogarás algún minuto?

Xogarei un pouquín porque fai ilusión. Pero a miña etapa como xogador xa está pechada. Tiven a miña época, vivín bos momentos, pero agora tócame vivir o fútbol doutra forma.

—Para rematar, unha mensaxe para a afección.

Se temos que dar as grazas a alguén, é á afección. Sempre está aí. E pídolle que sigan estando. O noso ADN é ser un club do pobo, e para manter iso facemos falta todos: afección, corpo técnico, directiva e xogadores. Cada quien suma desde o seu lugar.



O SPORTING ZAS ASINOU UN ANO BRILLANTE EN VETERANOS

Cuarto na liga e semifinalista na Copa da Costa, nun curso de alto nivel competitivo.



OSporting Zas completou unha tempada excepcional na División de Honra de veteranos, finalizando na cuarta posición do grupo costeiro. Só foron superados por tres conxuntos de gran nivel como Atlético Carballo, San Ramón e Dumbría, o que reflicte a competitividade e o bo facer do equipo durante todo o campionato.

Pero os éxitos non se limitaron á liga. Na Copa da Costa de veteranos, o Zas chegou con forza ata as semifinais, protagonizando unha gran eliminatoria fronte ao Atlético Carballo que se decidiu na fatídica tanda de penaltis. Un final cruel que non empaña unha traxectoria sólida, intensa e cun nivel de compromiso exemplar por parte do grupo.

A plantilla estivo formada por xogadores con experiencia, talento e identidade local, combinando veteranía con espírito competitivo. Estes foron os protagonistas da campaña: José A. Blanco Carballo, Sergio Blanco Muiño, Óscar Brenlla Blanco, Esteban Bustos Bouzas, Jorge Espasandín Fernández, José M. Espasandín Otero, José A. Esperante Calo, Martín Ferreiro Souto, Moisés García Núñez, Víctor Manuel Gómez Sestayo, Iván Hermida Blanco, Jaime Mata Rey, Iago Paredes Maseda, Emilio Quintáns Pérez, José L. Quintáns Pérez, Rubén Quintas Canosa, Norberto Rey Domínguez, Pablo Riveiro Romar, Esteban Rodríguez Rodríguez, César Rojo Lema, Fabio J. Souto Mouro, José A. Tato Recarey e Braulio Vecino Tomé.

Unha mestura de xogadores que honra os valores do Sporting Zas, demostrando que a paixón polo fútbol e polo escudo continúa viva ano tras ano.



50 ANIVERSARIO

CANDO O FÚTBOL SE VOLVE RAÍZ: PARABÉNS SPORTING ZAS

O Sporting Zas celebra medio século de historia cunha mirada agradecida ao pasado e chea de ilusión polo futuro.

Hai medio século, nun recuncho de pedra e vento chamado Zas, un balón comezou a rodar con más forza que nunca. Non era só fútbol. Era identidade, era pertenza, era a voz dun pobo que se xuntaba ao redor dun escudo. Cincuenta anos despois, o Sporting Zas é memoria viva. É historia contada nos bares, nos vestuarios, nas bancadas frías de inverno e nas tardes de verán que rematan cun gol berrado dende o corazón.

O club naceu no 1975, con xente decidida a darlle nome, cor e forma ao soño compartido dunha vila enteira. Dende entón, cada tempada foi unha páxina escrita con suor, con alegría e tamén con dor. Houbo ascensos celebrados como faañas e derrotas que ensinaron a resistir. E entre todo iso, nomes, rostros, voces. Almas. Porque un club non é só un escudo: é a xente que o sostén.

No ano do seu 50 aniversario, o Sporting Zas mira ao pasado con orgullo e ao futuro con esperanza. Volve á Liga da Costa, lanza un proxecto feminino cheo de ilusión e rende homenaxe aos que fixeron grande esta historia. A Fantino, por exemplo, que seguirá sendo capitán aínda cando xa non se vexa no campo. Ou a tantos outros que deixaron pegada sen saír nos xornais, pero que foron imprescindibles.

A historia do Sporting Zas non se pode contar só con resultados. Está feita de xestos pequenos e épicos: unha charla de vestuario, unha viaxe en autobús, un rapaz que debuta co primeiro equipo, unha avoa que agarda cada domingo na Barquiña. Está feita do latexo dunha vila que respira fútbol, e que nestes 50 anos soubo defender algo más profundo ca un equipo: unha maneira de estar no mundo.

Parabéns ao Sporting Zas. Cincuenta anos despois, segue sendo un exemplo de fidelidade, de humildade e de forza colectiva. Un club que non precisa ruído para deixar pegada. Un club que, cando sae ao campo, leva a alma de todo Zas cos cordóns ben apertados.

NOELIA TOURIÑÁN: "CREAR UN EQUIPO FEMININO DESDE CERO E CON XOGADORAS DA CASA É UN LOGRO ENORME"

Noelia Touriñán, vicepresidenta do Sporting Zas e porteira do equipo feminino, repasa a súa traxectoria no club e o emocionante proceso de construción dun proxecto local, ilusionante e cheo de valores.



Noelia Touriñán leva unha década na directiva do Sporting Zas, un club que neste ano celebra o seu 50 aniversario e que vive un momento de evolución e compromiso coa súa contorna. Ademais de ser vicepresidenta, Touriñán tamén se puxo baixo paus no debut do equipo feminino, unha aposte firme por darles espazo ás rapazas da vila. Nesta conversa fala do pasado, do presente e do soño de construír un proxecto duradeiro con raíces na casa.

— Noe, canto tempo levas xa formando parte da directiva do Sporting Zas? Como afrontas esta etapa coa creación do equipo feminino?

Na directiva levo 10 anos, contando tamén este. Entrei coincidindo co 40 aniversario e agora hai que facer o 50, así que a conta é fácil. E si, con moita ilusión. O equipo feminino tamén nos fai especial ilusión, porque ao final creouse desde cero. Dicíame Manuel que era unha oportunidade para que as rapazas puideran xogar no sitio onde queren, en vez de ter que ir por aí buscándose a vida, como se di. A idea principal foi esa: viamos que nas escolas deportivas había moitas nenas que ao final se estaban repartindo por equipos cercanos. Pois que mellor maneira que intentar que se queden aquí. Hai rapazas moi boas. Poderán marchar ou non, pero polo menos teñen a posibilidade. Se destacas, sempre podes marchar, pero se tes unha opción aquí, xa non estás tan obrigada”.

— Como definirías o que foi este primeiro ano do equipo feminino? Non só lograchedes competir, senón sumar case 20 puntos.

Foi un equipo creado totalmente desde cero. A maioría das nenas nunca tocaran un balón, así que ten aínda máis mérito. Só o feito de competir e non quedar de últimas xa é un logro enorme. Este ano o único obxectivo era sacar o equipo adiante. Sempre é máis difícil o primeiro ano: atopar xente, organizarse... A nosa prioridade era poder competir.

— Falabas de xogadoras moi novas e tamén de veteranas. Hai unha gran mestura de idades no equipo?

Sí, de feito hai dúas franxas moi marcadas: unha das xogadoras de 30 para arriba, e outra das de 20 anos aproximadamente. Incluso hai algunha nena que subiu das escolas deportivas. A nosa idea é que as maiores vaian saíndo pouco a pouco, e que quede o grupo novo, ao que se poidan sumar rapazas de 14 ou 15 anos. Iso sería un logro moi importante: formar un equipo novo que poida competir moitos anos.

— Ademais de vicepresidenta, este ano animácheste tamén a xogar. Como foi esa decisión? Xa tiñas experiencia en outros equipos?

Non, non. Empecei este ano. Nunca xogara antes.

— E que te levou a meterte no campo? Por dar exemplo?

Sí, algo así. Parte das rapazas que estamos no grupo das de 30 e pico xa xogaran algunha vez, cando tiñamos 14 ou 15 anos, nun equipo que montamos para xogar entre parroquias un verán. Mitade das que estamos agora coincidimos naquel grupo, e volvemos a reunirnos. Eu pensei: “É xente boa, pois poñémonos a xogar tamén”. E como ninguén quería ir á portería, dixen: “Pois vou eu”. E así foi como empecei a xogar.

— Como viviches esa experiencia de estar baixo paus?

Moi ben. Cada día que pasaba, mellor. Vai conectando contigo, vaiche gustando más. Pero claro, as forzas son as que son. Estás en todo, e iso require moito sacrificio.

— Cal é o obxectivo de futuro para este equipo feminino? A idea é consolidarse máis aló dos resultados?

Claro. Sabemos perfectamente de onde partimos: de xente que non xogara nunca ao fútbol ou que xogara só de pequena. Non fixemos chamadas a ningúén, simplemente publicamos que queríamos facer equipo e apuntáronse as que se animaron. Hai nenas no concello que están xogando en outros equipos, e se queren vir, saben que teñen as portas abertas. Pero non imos sacar a ninguén doutra parte por querer competir. Unha vez que compites, claro que queres estar máis arriba, pero non temos a obsesión de ascender. Todas as rapazas que xuntamos son de Zas, agás unha que veu porque a compañeira miña e se animou. O resto son todas da casa. E iso, un equipo de cero con xogadoras de aquí, xa é moiísimo. A idea é a mesma que co masculino: traballar con xente da casa. Se podemos estar cuartas, mellor que séptimas, pero sen presión. Non imos fichar xente só para intentar quedar mellor un ano e logo desaparecer. Queremos construír algo con sentido.

— E a afección? Sentíchedes apoio durante a tempada?

Si, si. A verdade é que moi ben. Algunha vez incluso nós dicíamos: “Hai que ter coraxe para virnous ver co espectáculo que damos ás veces”. Pero tanto fóra como na casa tivemos apoio. Sobre todo na casa. Venían os do equipo masculino cando lles coincide, moitos pais, irmáns, xente que antes viña polas tardes e agora tamén venían polas mañás... Pensabamos que non ía responder tan ben, pero si. A afección está aí.

— E agora chega o 50 aniversario do club. Que importancia ten para vós esta celebración?

Pois é un momento moi especial. Coincide co masculino campión de liga e coa creación do equipo feminino. De feito, tamén era un dos motivos para crealo o ano pasado: queríamos presentalo neste aniversario. Non presentamos todo o que nos gustaría, pero si moitas cousas novas. E non é só unha festa, é unha forma de transmitir valores.

— Que valores queredes transmitir con este Sporting Zas?

Queremos que se vexa que o equipo evoluciona, que se adapta ao que demanda a sociedade, que intenta avanzar. Este ano, máis ca nunca, estamos todos na casa, e iso representa moi ben o que queremos facer.

— O equipo masculino tamén está de volta na Liga da Costa, que é onde todo comezou. Como se vive iso dentro do club?

É volver aos inicios. Volver á Liga da Costa no ano do 50 aniversario, que é onde empezou todo no 1975, é moi simbólico. É competir cun proxecto local moi bonito, que engancha a todo o mundo. E neste momento, coa afección, non temos queixa. É certo que cando as cousas van mal, a xente se afasta un pouco, pero agora mesmo están moi conectados connosco. E creo que mellor que volver á Liga da Costa, non hai nada.

— A Costa da Morte é fútbol puro. Que tedes aquí que o vivides con tanta paixón?

Eu creo que é porque aquí, na Costa, o fútbol foi sempre o deporte principal. Agora venen outras modalidades, si, pero noutras zonas de Galicia xa estaban asentadas desde hai anos. Aquí, hai tempo, ou tiñas fútbol ou non tiñas nada. É algo que xa está integrado, que está marcado. Eu levo anos no club, pero xa desde pequena levo vendo ao Sporting Zas. E iso transmítese: un domingo na Costa, se non vas ao fútbol, que fas?

— Que significa para ti o Sporting Zas a nivel persoal?

Significa moiísimo. Levo anos na directiva, pero xa cando o meu irmán xogaba de pequeno, eu ía aos partidos. O meu pai tamén estivo un ano na directiva, axudando cos bocadillos e demás... É algo que vivimos sempre na casa. Eu case non entendo unha fin de semana sen fútbol. Parece que che falta algo.

— E para rematar: cal sería o teu soño por cumplir como directiva do Sporting Zas? Hai algo que che faga especial ilusión conseguir?

Pois si. Gustaríame que o club tivese un equipo xuvenil, por exemplo. Saber que hai continuidade. Non ter que andar sempre buscando xente nova da casa, senón saber que esa continuidade vai existir. Sabemos que temos escolas deportivas, pero aínda queda moito por traballar para que estean ben, en comparación co que hai ao redor. Conseguir esa continuidade, que saian xogadores de abaxo, que poidamos ter infantís, xuvenís, cadetes... e que sempre haxa xente da casa. Ese sería o maior éxito para mim.



ÓSCAR DE PRADO: "O XADREZ NON É SÓ PARA XENTE LISTA, É PARA QUEN QUEIRA MELLORAR"

Óscar de Prado, mestre FIDE e coordinador, adestrador e director técnico do Club Xadrez Irindo, defende o valor formativo, social e competitivo dun deporte en auxe na Costa da Morte, con nenos de apenas cinco anos xa en competición.



Club Xadrez Irindo leva varios anos asentado en Zas cunha escola deportiva en crecemento, máis de trinta licenzas federadas e unha participación cada vez maior en torneos. Óscar de Prado, mestre FIDE e responsable técnico, fala dun proxecto que apostea pola formación, a competición e o crecemento social do xadrez na Costa da Morte.

—Óscar, contános un pouquiño sobre o xadrez, un deporte bastante practicado en toda España, e na Costa da Morte non é menos, verdade?

Pois si, a verdade é que o xadrez, sendo un deporte minoritario comparado con outros, ten unha presenza considerable a nivel estatal, tamén en Galicia e, por suposto, na Costa da Morte. Estase a traballar para que cada vez máis xente o practique, sobre todo comezando nos colexios como actividade extraescolar. En algúns institutos ou colexios privados incluso é unha asignatura. Tamén houbo un repunte desde a pandemia: moita xente empezou a xogar na casa e iso contribuí moito a crear afección. Iso fixo que haxa máis practicantes.

—Que ten o xadrez para chamar tanto? Non é precisamente sinxelo, non?

Ten moitos enfoques. Fálase de xadrez educativo, xadrez competitivo... No ámbito educativo, está demostrado que axuda á memoria, á concentración, ao respecto, á toma de decisións... Mesmo hai estudos que indican que substituir unha hora de matemáticas por unha de xadrez mellora o rendemento. Tamén é útil para nenos moi inquietos: o feito de sentarse, concentrarse, gardar silencio... é un bo exercicio de disciplina. E na terceira idade é eficaz na loita contra o alzhéimer. Mesmo en empresas, para a toma de decisións, ou en cárceres, como ferramenta de rehabilitación. A parte competitiva tamén está moi viva: torneos, ligas, xogadores federados... Unha vantaxe do xadrez é que é un deporte interxeracional. Un neno pode xogar contra un adulto sen problema, e mesmo gañar. Iso permítelle a calquera idade participar e aprender.

—Alcaraz dicía que o tenis é como o xadrez. Ti tamén ves esa conexión?

Sí, Alcaraz é un gran afeccionado ao xadrez. Sempre o promoveu e di que lle axuda moi á concentración. O tenis, como o xadrez, require moita fortaleza psicolóxica. Perdes a concentración un instante e podes perder a partida. En niveis altos, un erro mínimo pode ser decisivo.

—Como se organiza a actividade de xadrez na Costa da Morte e en Zas en particular?

Nos anos 90 había un boom, cunha delegación propia da federación. Logo, nos 2000, a actividade foi baixando. Agora, dende hai uns anos, estase a

recuperar grazas á colaboración entre clubs, especialmente co Club Xadrez Carballo. Irindo, que era un club pequeno, sen escola, foi un dos que se revitalizou.

Hoxe en día estamos dando clases por toda a Costa: Cabana, Ponteceso, incluso Camariñas. En Zas, levamos xa bastantes anos como escola municipal, cunha progresión moi boa, sobre todo con nenos. Fixemos un torneo escolar con case 80 participantes e tamén un torneo internacional en outubro, coincidindo coa clausura do circuito da Deputación. Temos clases regulares, equipos nas ligas galegas, e a actividade mantense durante todo o ano, para todas as idades.

—E o club, como está estruturado?

O Club Xadrez Irindo agora é independente. Antes pertencia a unha asociación cultural e deportiva, pero agora xa funciona como club autónomo. O presidente é Óscar Fondo, o propietario de Frutas Fondo, e eu estou como coordinador, adestrador e director técnico. Son o responsable de organizar e arbitrar os torneos e o monitor da escola municipal. Temos arredor de 30 fichas, contando nenos e adultos. Moita xente doutras zonas vén federarse con nós se non teñen club no seu concello.

—Hai algunha “perliña” que apunte maneiras?

Si, hai varios nenos novos en categoría sub-8 que empezaron este ano e apuntan moi boas maneiras. Hai unha rapaza de só cinco anos que leva dous ou tres meses e xa xoga moi ben. Tamén temos un equipo con xogadores de 13 e 14 anos que estiveron a piques de ascender na liga: quedaron terceiros, empataos co segundo. Xa están a sacar ELO internacional, que é o sistema de puntuación para medir o nivel. Cando hai máis xente xogando, é más probable que saia alguén bo. E o importante é que non o deixen, que sigan competindo e progresando.

—A que idade é recomendable empezar neste deporte?

Antes comezaban aos seis, pero agora os nenos vién moito más espabilados. Temos nenos e nenas de cinco anos, ou incluso antes, como no caso desta rapaza que empezou con catro e medio. Xa xogan torneos sen problema. A idade ideal está baixando.

—Onde nace a túa paixón polo xadrez?

Eu empecei xa tarde para o que é hoxe: sobre os 12 ou 13 anos. Fixeran un torneo no colexio, e ese verán apunteime a unhas clases. Empecei no instituto, gustoume e progresei rápido. Aos 16 anos xa daba clases eu... Sempre me gustou, tanto xogar como ensinar. Son mestre FIDE, fun campión galego, son árbitro internacional, organizo torneos... Agora xogo moito menos, porque hai outras responsabilidades, pero sempre estiven moi vincellado a todas as facetas.

—Que é o que más che apaixona deste deporte?

Que é un reto contra un mesmo. Un sempre busca mellorar, esixirse. Non lle podes botar a culpa ao árbitro ou a un compañeiro: cada decisión no taboleiro ten consecuencias. Iso fai que sexas moi autocrítico.

Tamén me gusta moito viaxar, coñecer xente, ir a campionatos... E sobre todo a parte da ensinanza. Moitas veces estou máis satisfeito vendo progresar os meus alumnos que cos meus propios logros.

—Hai un estereotipo de que é un deporte para xente moi intelixente.

Hai que tirar con ese mito. Aprender a xogar é relativamente sinxelo e pode facelo calquera, de calquera idade. Logo, xogar ben xa é outra historia, claro. Pero o importante é que non hai que ter medo: é un deporte accesible e útil, que se pode practicar sen competir, simplemente para gozar, concentrarse ou pasar o tempo.

—Óscar, xa para rematar: cando nós eramos cativos falábbase de Kasparov e Kárpov. De quen falan hoxe os nenos?

O gran referente dos últimos anos foi Magnus Carlsen. Foi número un durante máis dunha década, dominando torneos con diferenza de nivel sobre o resto.

Hoxe fálase moito tamén dos xogadores indios, que están a medrar moito. Hai tres entre os doce primeiros do mundo. Tamén están saíndo moitos prodixios: hai un rapaz arxentino de once anos que xa é mestre internacional. A verdade é que cada vez hai máis talento novo, máis forte e máis preparado, grazas tamén á tecnoloxía, ás plataformas online, aos torneos de blitz...



EMILIO CORZÓN: "A NOSA IDEA É FORMATIVA: QUE OS NENOS APRENDAN XOGANDO E DISFRUTEN DO DEPORTE"

O coordinador do CD Concello de Zas reivindica a formación, a paixón polo fútbol e o compromiso cun futuro sostible para os más novos.

O Club Deportivo Concello de Zas é moito máis ca un proxecto deportivo: é unha ponte entre pobos, unha escola de valores e un espazo onde os rapaces e rapazas medran xogando. Emilio Corzón, o seu coordinador deportivo, cointanos como a unión do CD Baio e do Sporting Zas deu lugar a un modelo formativo que resiste co apoio do concello, o esforzo das familias e a ilusión da canteira. Porque en Zas, o fútbol comeza en equipo.

—Emilio, contanos un pouco a historia do club. Como nace o Club Deportivo Concello de Zas e cal era a súa intención inicial?

O proxecto do Club Deportivo Concello de Zas naceu da unión das bases do Sporting Zas e do Club Deportivo Baio. Había poucos nenos en ambos clubs, e xuntando forzas conseguiamos formar máis categorías. A idea principal é formativa, que os rapaces aprendan xogando ao fútbol e adquiran valores dun deporte colectivo. A intención era e sigue siendo chegar como mínimo ata categoría cadete, xa que tanto Baio como Zas teñen equipos a partir de xuvenís. O problema é que, cando os nenos chegan a determinada idade, moitos buscan unha competición máis forte e ás veces dan o salto a outros clubs. Con todo, este curso houbo seis nenos que xogaron connosco e deron o salto ao Club Deportivo Baio.

—Tamén hai participación feminina no club?

Si, desde sempre permitimos nenos e nenas en todas as categorías, tamén cando eramos Club Deportivo Baio ou Sporting Zas. Actualmente temos un número importante de nenas, non tanto como de nenos, pero proporcionalmente é salientable para un concello como o noso.

Competen de maneira mixta. Ademais, participamos nalgún torneo exclusivamente feminino, como un ao que fomos o pasado fin de semana en colaboración co Corme CF e as Escolas Cabrejo, de Camariñas.

—Cando se empezou a xestionar esta unión entre clubs?

A idea vén de hai tempo. Xa no 2008 falabamos diso, inspirándonos nouros equipos da zona que funcionaban así. Pero o proxecto realmente comezou hai unha década, máis ou menos. Hai unha década que está en marcha.

—E como valorarías esta tempada 2024/2025 que está rematando?

Foi un ano moi positivo e ilusionante. Como dixen, os resultados deportivos non son a nosa prioridade. Buscamos a evolución dos xogadores. Por exemplo, moitos dos alevíns actuais começaron connosco no 2009 e seguen medrando no club. Para nós o importante é que o rapaz estea a gusto. Se un neno prefire parar porque non se sinte ben, respectámolo e animámolo a volver ao ano seguinte. As tempadas son longas e cada un leva o seu ritmo.

—O nome do club inclúe “Concello de Zas”. O Concello colabora co proxecto?

Si, o Concello é o noso apoio principal. É o piar fundamental de todo isto. A colaboración é constante, e sen eles sería moi difícil levar isto adiante.

—Zas sempre foi terra de paixón polo fútbol. Cres que iso tamén se nota nas categorías inferiores?

Por suposto. Aquí, entre Baio e Zas, hai unha rivalidade histórica. Era impensable noutro tempo que se unisen, pero a necesidade de manter o fútbol base fixo que todos puxéramos da nosa parte. Os resultados están aí: hoxe no Sporting Zas hai varios rapaces que começaron connosco nos biberóns. No Club Deportivo Baio tamén. É bonito ver que a base serve para alimentar os equipos maiores dos dous clubs.

—Tamén me comentabas que algúns rapaces e rapazas acaban indo ás seleccións e incluso medrando fora.

Si, hai nenos e nenas que participaron en seleccións. Dúas nenas foron campioas o ano pasado. Iso demostra que hai calidade e que o traballo paga a pena.

Este ano, ao non haber cadetes, algúns rapaces buscaron ese salto a outros equipos. Pero iso tamén é parte do noso labor: formar e abrir camiño.

—E no tocante ás instalacións, estades satisfeitos, non?

Sinceramente, creo que temos unhas instalacións envidiables se nos comparamos con outras zonas. É certo que o campo do Club Deportivo Baio



precisa algunha mellora de tapete, está algo abandonado e necesita recambio. Pero temos a disposición tanto ese campo como o do Sporting para adestrar e competir, segundo a disponibilidade. E no inverno usamos tamén os pavillóns cubertos, que son fundamentais para que os rapaces non deixen de adestrar cando chove.

—Usades o pavillón tamén, xogades a fútbol sala logo tamén?

Sí, pero sen competir. O obxectivo non é crear equipos de fútbol sala, senón aproveitar o espazo cuberto para seguir formando. Buscamos que os nenos desfruten, que se divirtan, e tamén que adquieran outros valores e roles dentro do deporte.

—A rivalidade entre pobos tamén se nota nos más pequenos?

A partir de benxamíns, sí. Xa empezan a querer gañar, e en alevíns xa se nota

máis. As xeracións que temos agora son moi competitivas, con 27 nenos alevíns repartidos por dous equipos, e moitos deles teñen amigos noutros clubs. Iso dálles un plus de motivación.

—Case para rematar, unha mensaxe para as familias do concello?

Que saibán que hai un club que se preocupa polos seus fillos e fillas. Que aquí van formarse ben, que o deporte é unha ferramenta positiva, aínda que non todos xoguen ao fútbol no futuro. A actividade física é importante, federada ou non. E aquí van desfrutala.

—E, como coordinador, cal sería o teu soño dentro do club?

Pois que os nenos cheguen o máis lonxe posible, e que mentres o fan, desfruten. Eu adestro para que eles gocen, para transmitirllles a miña paixón. Se non a disfrutan, é imposible que lles chegue. Ese é o verdadeiro soño.



MIGUEL REY: "PASAMOS DE CATRO NENOS A COMPETIR POR TODA GALICIA, POR ESPAÑA E MESMO POR PORTUGAL"

A Agrupación Deportiva Zas é un exemplo de crecemento no tenis de mesa galego. O seu coordinador, Miguel Rey, lembra os inicios do club no ano 2005 e relata a evolución dun proxecto que hoxe chega a máis de 100 xogadores en múltiples localidades. Inclusión, formación e paixón, todo dende a Costa da Morte.



Apaixón non entende de modas nin de focos. No corazón da Costa da Morte, entre mesas, palas e ilusións, a Agrupación Deportiva Zas constrúe, día a día, un proxecto exemplar de tenis de mesa. O que empezou cunha aula de colexio e cinco nenos é hoxe unha familia que supera o centenar de xogadores, que compite por Galicia, por España e mesmo por Portugal. Miguel Rey é xogador, adestrador e coordinador do club, ademais da alma dun soño que non para de medrar.

— **Miguel, contanos un pouco. O tenis de mesa na Costa da Morte é un deporte minoritario, pero con moita paixón, non?**

— Si, con moita paixón. Agora mesmo está vindo bastante xente nova a practicar. Estamos en Zas adestrando catro días á semana e vénelle unhas 35 ou 40 persoas.

— **Ademais de Zas, tamén dades clases noutras localidades?**

— Si, damos clases en Camariñas, en Cee, en Negreira, na Baña e en Ames. Este ano mesmo empezamos unha escoliña na Silva. Todas esas sedes forman parte da Agrupación Deportiva Zas.

— **Entón, o club está en Zas, pero traballades en varios concellos.**

— Exacto. O club ten a súa sede en Zas, e nós imos dando clases nouros núcleos poboacionais. Eses rapaces compiten co club. Por exemplo, no Campionato Galego pode ir un rapaz da Baña e outro de Zas, pero todos representan ao noso club.

— **E das 30 e pico persoas que tedes en Zas, son veciños do propio concello ou tamén doutras zonas?**

— Son de Zas e arredores, si. Non só do núcleo.

— **Como naceu este proxecto? Cando se fundou o club?**

— O club naceu no ano 2005 por iniciativa dun profesor, que é Estevo, a verdadeira alma deste proxecto aínda a día de hoxe. Gustáballe o tenis de mesa porque tivera un profesor que lle dera clases e xogaba el tamén. Empezou no colexio de Zas a darnos clases cos coñecementos que tiña. Eu daquela era alumno no colexio e tamén del no tenis de mesa.

Comezamos con moi pouco: un equipo de cinco xogadores. Ían probando, e pouco a pouco fomos creando equipos de nenos. Eu comecei como adestrador no 2015 e ese mesmo ano empezamos a dar clases en Mazaricos. A partir de aí chegou o crecemento: Cee, Camariñas... ata chegar ás 110 persoas que temos actualmente.

— **En que categorías competides? Como funciona a competición?**

— Cando empezamos no 2005, estabamos na Segunda Galega, que daquele era a Terceira. Fomos ascendendo ata que no 2017 subimos á Segunda Nacional, subindo catro ligas. Agora o equipo masculino máis alto está en Segunda División Nacional, que é onde xogo eu xunto con outros compa-

ñeiros. A liga está centrada en Galicia porque hai moitos equipos galegos. Se houbese menos, teríamos que competir por toda España. Tamén temos un equipo masculino que este ano quedou segundo en Segunda Galega e estamos esperando confirmación do ascenso a Primeira Galega. Ademais, tiñamos un equipo en Primeira Galega que descendeu. Este ano tivemos equipos en Segunda Nacional, Primeira Galega e Segunda Galega. Mirando á sección feminina, temos un equipo en Segunda Nacional. No seu intre, a sección feminina foi potente no club.

— **Hai unha década, imaxinabas este nivel de evolución?**

— Non, para nada. Pasamos de catro ou cinco xogadores a competir por toda Galicia, por España e mesmo internacionalmente. No 2018 xogamos unha fase de ascenso á División de Honra Feminina, a segunda liga española. Tivemos un equipo feminino moi forte, subcampión de Primeira Nacional, e xogamos esa fase de ascenso en Madrid. Tamén conseguimos que nenas se clasificaran entre as dez mellors de España, representando á nosa zona. Campioas e subcampioas galegas. Este ano tivemos un prebenxamín subcampión galego, e catro nenos foron competir ao circuíto nacional portugués. A comparación con cando tiñamos que ir ata Oleiros e xa parecía unha viaxe tremenda, mostra claramente a evolución. Agora estamos viaxando a Portugal e a Alacante para un Campionato de España.

— **Os rapaces compiten por equipos e tamén de forma individual?**

— Si. Hai unha competición por equipos, con formato parecido á Copa Davis: seis partidos por encontro, e o que gaña catro, gaña o duelo. Se hai empate 3-3, xógase un dobre de desempate. Despois hai os campionatos individuais: provinciais, galegos, estatais... Este ano mesmo fomos campións provinciais en varias categorías.

— **Ademais, é un deporte olímpico.**

— Si, desde os Xogos de Seúl 1988.

— **E tamén é moi destacable o carácter inclusivo do tenis de mesa.**

— Sen dúbida. É un deporte onde podes xogar con 8 ou con 80 anos. Temos xogadores con discapacidade competindo en equipos mixtos con persoas sen discapacidade. Na Segunda Galega hai persoas en cadeira de rodas xogando contra nenos ou veteranos. Non hai diferenzas. Só teñen algunas normas específicas no saque, pero poden adestrar e competir como un máis. Iso é moi difícil de ver nouros deportes.

— **Como ves o teu futuro e o do club?**

— Levo como adestrador profesional desde 2017, autónomo, dando clases, e son tamén adestrador da Selección Galega. Gustaríame poder centrarme máis en deportistas destacados, sen ter que dar tantas clases, e traballar de forma máis profesional con eses talentos. Iso depende de que eles queiran e poidan destacar.

A nivel de club, temos unha base potente. A idea é que eses xogadores máis xóvenes poidan competir nos equipos máis altos que ten o club e ir subindo pouco a pouco de nivel.

— **En Galicia, os clubs referencia son Arteal e Monteporreiro?**

— Si. Os dous teñen equipos en Superdivisión. Monteporreiro destaca pola canteira, con máis de 100 xogadores e moitos nenos. Arteal está máis centrado no alto nivel e ten menos base. Nós parecémonos máis a Monteporreiro polo traballo de formación.

— **Para rematar, que lles dirías aos nenos/as de Zas e da Costa da Morte?**

— Que poden vir probar cando queiran. Paramos un mes, pero agora temos un evento importante: o Torneo Fonciano Nieto, ao que venen unhas 100 persoas. Ten un aliciente especial: pola tarde facemos unha xornada de convivencia con comida para todos os participantes, churrascada incluída. Non é só competir, tamén é convivir.

Adestramos en Zas os luns, mércores e venres durante o curso, e tamén os sábados pola mañá. Agora en verán non hai sábados. Quen queira pode buscar "AD Zas ou Tenis de Mesa Zas" en Google e atopará o número para contactar.


— **Miguel, tes a palabra para poñer o punto final á entrevista.**

— Volver mencionar que o tenis de mesa é un deporte moi agradecido. Ao principio pode custar, pero en canto metes as primeiras bolas ves progresos claros. Depende de ti e estás todo o tempo participando. A verdade é que engancha.



Pile-Poile

brudi
INSTALACIONES, S.L.



DEPARTAMENTO TÉCNICO Emilio Nogareda Varela

- INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO
- GAS INDUSTRIAL Y DOMÉSTICO E.I. EGB 15000525
 - CLIMATIZACIÓN Y ACS E.I. EAI 15000890
 - ENERGÍAS RENOVABLES • PISCINAS
- BAJA TENSIÓN • FONTANERÍA E.I. FO 15000622
 - ALBAÑILERÍA EN GENERAL



✉ brudi@brudi.es

✉ Avenida de Caión, 66 - 15145 Laracha (A Coruña)

📞 646 094 709



FIR

MATERIALES
BLA BLA BLA BLA

REFORMAS
BLA BLA BLA BLA

VISÍTANOS
A CORUÑA
NANTÓN

